

REVISTA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

REGAP

35

XUNTA DE GALICIA

35

SETEMBRO - DECEMBRO
2003

REVISTA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

REGAP

REGAP: Revista Galega de Administración Pública.– Nº. 0 (1992) –
Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, 1992–
v.; 24 cm.
ISSN:1132-8371
Depósito legal: C-1.596-91



© 1991, ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edita: ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Rúa de Madrid, 2 - 4. Polígono das Fontiñas
15707 Santiago de Compostela
Tel.: 981 54 60 40 / Telefax: 981 54 63 37
E-mail: manuel.brana.gutierrez@xunta.es

Traducción e supervisión lingüística: M^a do Carme González Bueno
Raquel Rodríguez Parada

Deseño gráfico: uqui lllll cebra

Imprime: Valladares

Depósito legal: C-1.596-91

Periodicidade cuatrimestral.
Solicitude de subscricións á EDITORIAL GALAXIA.

A Escola Galega de Administración Pública non se identifica
necesariamente cos xuízos dos autores dos artigos que aparezan nesta revista.



REGAP

REVISTA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

DIRECTOR

Domingo Bello Janeiro

Director da EGAP

SECRETARÍA TÉCNICA

José Luis Mínguez Goyanes

Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia

CONSELLO

José Antonio Álvarez Vidal

Secretario xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

Roberto Luis Blanco Valdés

Catedrático de dereito constitucional da Universidade de Santiago de Compostela

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo

Secretario de Administración local

M^a José Castro Carballal

Xefa do Servizo de Administración e Persoal do Valedor do Pobo

José Ramón Cólera Leirado

Letrado maior do Parlamento de Galicia

María Victoria de Dios Vieitez

Profesora titular de dereito administrativo da Universidade da Coruña

Andrés Faiña Medín

Catedrático de economía aplicada da Universidade da Coruña

Luciano Fariña Busto

Conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia

Manuel Fernández Areal

Catedrático emérito de periodismo

Alejandro Fernández Barreiro

Catedrático de dereito romano da Universidade da Coruña

Eduardo Freire Pousa

Oficial de Administración de Xustiza de Galicia

José Antonio García Caridad

Presidente do Consello Consultivo de Galicia

Ramón García-Malvar y Mariño

Fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Pablo González Mariñas

Profesor titular de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela

Vicente González Radío

Profesor titular de socioloxía da Universidade da Coruña

Antonio Grandío Dopico

Decano do Colexio de Economistas da Coruña

José Carlos López Corral

Letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

Xosé López García

Decano da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela

Fernando José Lorenzo Merino

Catedrático de dereito civil da Universidade de Vigo

Valentín Alejandro Martínez Fernández

Profesor titular de Comercialización e Industrialización de Mercados da Universidade da Coruña

Jesús Martínez Girón

Catedrático de dereito do traballo da Universidade da Coruña

Juan Jesús Raposo Arceo

Profesor da Universidade da Coruña

Luís Rodríguez-Ennes

Catedrático de dereito romano da Universidade de Vigo

Juan Rodríguez Yuste

Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

Antonio Romero Lorenzo

Maxistrado xuíz decano de Vigo

Alfonso Rueda de Valenzuela

Director xeral de Administración local

Luís Ramón Sotelo López

Corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia

Jesús Souto Prieto

Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Javier Suárez García

Director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

José Ramón Vázquez Sandes

Valedor do pobo

Jesús Vázquez San Luís

Secretario xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

Javier de Vicente Remesal

Vicerrector de profesorado da Universidade de Vigo

José Vilas Nogueira

Catedrático de ciencia política e da administración da Universidade de Santiago de Compostela

Perfecto Yebra Martul-Ortega

Catedrático de dereito financeiro da Universidade de Santiago de Compostela

SUMMARY

STUDIES

Domingo Bello Janeiro	The elderly in the Constitution _____	15
José Luis de los Mozos y de los Mozos	Contract anomalies and their remedies: nonexistence, nullity and annulability in the preliminary draft of the European code of contracts of the Academy of Pavía _____	37
Juan Miguel de la Cuétara Martínez	Parliamentary debates and royalties _____	57
Juan Cadarso Palau	Forensic documents and reports, sentences and copyright _____	73

NOTES AND COMMENTS

Cándido Conde-Pumpido Tourón	Breach of secrets _____	89
Agustín Luna Serrano	Legal problems of tutelage, welfare and the protection of the elderly _____	123
Jaime Aneiros Pereira	Late interest charges in tax management in Galicia _____	141
Antonio Lizarriturri Rosende	The foundation of the financial autonomy: historical evolution and current situation _____	191

JURISPRUDENCE

Pablo González Mariñas	Punitive duplicity between administrative sanctions and court punishments: a new vision of the "treble identity" (C.C.S. 2/2003, of 17 th January) _____	215
-------------------------------	---	------------

SUMARIO

ESTUDIOS

Domingo Bello Janeiro	As persoas maiores na Constitución _____	15
José Luis de los Mozos y de los Mozos	Anomalías del contrato y sus remedios: inexistencia, nulidad y anulabilidad en el anteproyecto de código europeo de contratos de la Academia de Pavía _____	37
Juan Miguel de la Cuétara Martínez	Debates parlamentarios y derechos de autor _____	57
Juan Cadarso Palau	Escritos e informes forenses, sentencias y propiedad intelectual _____	73

NOTAS E COMENTARIOS

Cándido Conde-Pumpido Tourón	Violación de secretos _____	89
Agustín Luna Serrano	Problemas legales sobre la tutela, asistencia y protección de las personas mayores _____	123
Jaime Aneiros Pereira	O xuro de mora na xestión tributaria de Galicia _____	141
Antonio Lizarriturri Rosende	Fundamento da autonomía financeira: evolución histórica e situación actual _____	191

XURISPRUDENCIA

Pablo González Mariñas	Duplicidade punitiva entre sancións administrativas e penas: unha nova visión constitucional (STC 2/2003, do 16 de xaneiro) _____	215
-------------------------------	---	------------

PARLIAMENTARY CHRONICLE

- A dynamic consideration of the Xunta de Galicia,
the functioning of the council and the procedures
225 _____ of the administration **Xosé Antón Sarmiento Méndez**

ADMINISTRATIVE CHRONICLE

- Conference on the town council from
a 21st Century perspective
243 _____ A Coruña, 9th and 10th April, 2002 **Isabel Castiñeiras Bouzas**
- Conference on electronic administration:
opportunities and challenges for territorial entities
281 _____ Pontevedra, 28th and 29th May, 2002 **Juan González Hiltner**
- Conference on unemployment reform
295 _____ A Coruña, 24th and 25th February, 2003 **Xosé Antón Barreiro Pereira**
- Conference on the town planning Law and
the protection of the rural environment in Galicia
[Law 9/2002 December]
317 _____ Vigo, 5th June; Ourense, 10th June; Lugo, 18th
June and A Coruña, 24th June, 2003 **Mercedes López Caneda**

BIBLIOGRAPHY AND CRITICAL REVIEW

- Customs practice in duty-free zones and bond-free warehouses*
José Ramón Astarloa Sáenz
331 _____ Duty-free zone of Vigo, 2003 **Xosé Antón Barreiro Pereira**
- Legal mythology in the modern age*
Paolo Grossi
333 _____ Trotta, Madrid, 2003 **Faustino Martínez Martínez**
- Sustainable development and globalization*
Demetrio Loperena Rota
345 _____ Aranzadi, Navarra, 2003 **Isabel Castiñeiras Bouzas**

CRÓNICA PARLAMENTARIA

- A consideración dinámica da Xunta de Galicia:
funcionamento do consello e procedementos
do executivo **Xosé Antón Sarmiento Méndez**
225

CRÓNICA ADMINISTRATIVA

- Xornadas sobre o municipio desde
a perspectiva do século XXI
A Coruña, 9 e 10 de abril de 2002 **Isabel Castiñeiras Bouzas**
243
- Xornadas sobre administración electrónica:
oportunidades e desafíos para os entes territoriais
Pontevedra, 28 e 29 de maio de 2002 **Juan González Hiltner**
281
- Xornadas sobre a reforma do desemprego
A Coruña, 24 e 25 de febreiro de 2003 **Xosé Antón Barreiro Pereira**
295
- Xornadas sobre a Lei de ordenación urbanística
e protección do medio rural de Galicia
(Lei 9/2002 do 30 de decembro)
Vigo, 5 de xuño; Ourense, 10 de xuño; Lugo, 18
de xuño e A Coruña, 24 de xuño de 2003 **Mercedes López Caneda**
317

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

- Las prácticas aduaneras en las zonas y depósitos francos*
José Ramón Astarloa Sáenz
Zona Franca de Vigo, 2003 **Xosé Antón Barreiro Pereira**
331
- Mitología jurídica de la Modernidad*
Paolo Grossi
Trotta, Madrid, 2003 **Faustino Martínez Martínez**
333
- Desarrollo sostenible y globalización*
Demetrio Loperena Rota
Aranzadi, Navarra, 2003 **Isabel Castiñeiras Bouzas**
345



AS PERSOAS MAIORES NA CONSTITUCIÓN

Domingo Bello Janeiro

Catedrático de dereito civil e director
da Escola Galega de Administración Pública

1. Introducción

Para referirse ás persoas maiores, á ancianidade ou á vellez, a Constitución Española utiliza o eufemismo «terceira idade». Está admitido, convencionalmente, que son persoas maiores as que cumpriron 65 anos, que é a idade máis común para a xubilación. Outras denominacións fan referencia a «persoas lonxevas» cando acadan os 80 anos, «maiores novos» os de 60 a 75 anos e «maiores maiores» os que teñen 75 ou máis.

A problemática das persoas maiores é susceptible de estudio desde diferentes perspectivas, entre as que destacarían as seguintes:

a) Biolóxica

A evolución da vida dunha persoa ten unha incidencia importante no seu desenvolvemento físico, que ó final conduce a un deterioro das funcións biolóxicas. O comezo dese estrago varía en cada individuo e en cada sociedade e momento histórico en función do nivel de vida, sanitario, etc. que marca unha esperanza de vida concreta. España é o terceiro país cunha maior esperanza de vida en Europa. Co transcurso do tempo van aparecendo trastornos físicos que se incrementan a partir dos 60 anos, co correspondente aumento da demanda de atención sanitaria, etc.

b) Demográfica

Os estudos demográficos relativos ás persoas maiores resultan fundamentais para a planificación das políticas sobre os anciáns. Os indicadores demográficos revelan información sobre o peso das persoas maiores no conxunto da poboación e relativamente por sexo e grupos de idade, a distribución xeográfica, etc. De especial interese resultan as proxeccións de evolución das persoas maiores en España, como a realizada para o período 1900-2050, coas correccións correspondentes que se irán producindo con motivo da análise dos sucesivos censos de poboación¹.

Chama a atención do século XX o proceso de envellecemento da poboación e, especialmente no último cuarto de século, a porcentaxe de incremento das persoas maiores de 80 anos moi superior ó resto da poboación. Iso, unido ó descenso da natalidade, ás xubilacións anticipadas pola reestructuración da economía e ó carácter estrutural do desemprego, configuran un panorama inquietante para os poderes públicos.

En Galicia contamos na actualidade cunhas 550.000 persoas maiores de 65 anos, das que 230.000 son maiores de 75 anos, hai uns 600 maiores de 100 anos, viven só 100.000 anciáns, existe, na metade dos fogares, unha persoa maior e temos aproximadamente un 32 % de anciáns dependentes, é dicir, que precisan axuda doutra persoa na súa vida diaria.

c) Psíquica, psicosocial e cultural

O grao de dependencia do resto das persoas do seu contorno (familiar, etc.), derivado dos achaques físicos ou psíquicos, da diminución dos ingresos pola xubilación, etc. vai configurando unha psique especial das persoas maiores. Pero a cuestión agrávase cando a visión que ten a sociedade dos anciáns é negativa e excluínste, xa que repercute na autoestima da persoa maior. Os estereotipos respecto da inactividade e pasividade dos anciáns están moi difundidos na sociedade actual. As enquisas revelan que os anciáns se senten excluídos nunha sociedade na que priman os valores da xuventude e que está obsesionada por non envellecer. Nun avance dun estudio da Sociedade Española de Xeriatría indícase que as mulleres maiores temen sufrir unha demencia, mentres que ós homes preocúpalles máis a soidade pola perda do cónxuxe; a enfermidade como anticipo da dependencia é temida por ámbolos dous sexos.

¹ Para datos estatísticos: Instituto Nacional de Estadística [<http://www.ine-es/>]; Secretaría de Estado de Servicios Sociales, Familias y Discapacidad [<http://www.seg-social.es/imserso/>]; Portal Mayores (Imsero/Csic) [<http://imsersomayores.csic.es/>]; Sociedad Española de Geriatria y Gerontología [<http://www.segg.es/segg/index.html>].

d) Económica

Na nosa sociedade, a xubilación pon fin á vida profesional, o que vai xeralmente unido a unha diminución dos ingresos económicos individuais, que afecta ó nivel de vida e ó poder adquisitivo das persoas maiores, a pesar dos bos propósitos da Constitución que prevé para os cidadáns na «terceira idade» unhas pensións axeitadas, periodicamente actualizadas e suficientes, e das melloras introducidas nos últimos anos no Sistema Público de Pensións.

O financiamento dos gastos crecentes de protección social á vellez, ou das atencións sanitarias é hoxe un problema de primeira magnitude, segundo revelan os indicadores económicos.

Un dos conceptos máis importantes dos gastos de protección social son as pensións. Estas parecen insuficientes para cubri-los gastos ordinarios dunha persoa maior e, especialmente, das mulleres que tiveron unha menor participación no mundo laboral.

e) Xurídica

O noso sistema xurídico non considera o ancián como unha persoa necesitada de especial protección, aínda que esta situación está cambiando². A Constitución (artigo 50) establece que os poderes públicos garantirán a suficiencia económica dos cidadáns na «terceira idade» e promoverán o seu benestar a través dos servizos sociais. Tamén son moitas as comunidades autónomas que dispoñen xa de leis (leis de servizos sociais, etc.) para a protección das persoas maiores.

En tódolos casos, non atopamos unha definición de «terceira idade», «anciáns» ou «persoas maiores», senón unha referencia á idade para ter acceso a determinadas prestacións.

A Constitución permítelles ás comunidades autónomas que poidan asumir-las competencias en materia de asistencia social (artigo 148.20), é dicir, as políticas de ancianidade. Por iso, no que se refire a Galicia, o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 recoñece como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a asistencia social (artigo 27.23º). A lexislación das autonomías e a práctica administrativa dos últimos anos tratan de evita-la expresión «asistencia social» e prefiren expresións como a mencionada no texto constitucional «servizos sociais», ou tamén a de «acción social». Por outra parte, Galicia ten competencia exclusiva en materia de dereito civil propio de acordo co artigo 149.1.8 da Constitución Española e o 27.4 do Estatuto de Autonomía, o que xustifica a regulación propia, por exemplo, da autotutela.

² FABREGA RUIZ, Cristóbal: *Protección jurídica de la tercera edad*, Ed. Colex, 2000, páxs. 25 e ss.

A ninguén nos cabe dúbida de que o ancián é unha persoa especialmente necesitada de protección, máxime nos casos de demencia, situacións de exclusión do sistema sanitario ou de procesos de desamparo e discriminación. En todos estes casos, o dereito ten un papel decisivo na protección dos dereitos destas persoas. Un dos mecanismos xurídicos de protección é a incapacitación cando as persoas son «incapaces para gobernarse a si mesmas», por enfermidades ou deficiencias de carácter físico ou psíquico. Cando o procedemento xudicial, que debe respectar escrupulosamente os dereitos do presunto incapaz, así o determine, correspóndelle a un titor a representación do incapacitado.

Entre as persoas maiores hai unha elevada proporción que reside no seu propio fogar, sós ou en compañía do cónxuxe ou con outras persoas. Hai maiores con discapacidades e dependentes, e os seus coidados son atendidos polo chamado sistema de apoio informal (principalmente familias, fillos e esposas). Dentro dos servicios públicos de atención ás persoas maiores cómpre sinala-los seguintes: o de axuda a domicilio, o de teleasistencia, os fogares e clubs, os de atención residencial, etc.

Hai un sector doutrinal³ que reclama para as persoas maiores un maior protagonismo social, sinala que o punto de partida debe se-la idea de «persoa» e despois a idea de «maior», considera que o productivo non é soamente xerar un valor económico, aconsella supera-lo concepto negativo de xubilación, avoga por un nivel de vida razoable con pensións dignas, destaca o papel das persoas maiores como consumidores de bens e servicios, e recomenda actividades preventivas para adaptarse ó cambio que significa a xubilación e para completa-lo ciclo vital cunha boa saúde.

2. A protección dos anciáns na Constitución de 1978

Como marco xurídico-social de salvagarda dos dereitos e deberes de todos e cada un dos cidadáns, a Constitución española instaurou un auténtico sistema de garantías para que os principios que se recoñecen resulten finalmente efectivos. En torno a este sistema gravita de modo nuclear o concepto de «dignidade da persoa», cunha clara vocación de universalidade e sen ofrecer cauce a ningún elemento ou circunstancia que poida dar lugar a ningunha discriminación ou diferenciación.

O punto de partida é que toda persoa maior é suxeito indiscutible de dereitos humanos, recollidos na Constitución, algúns dos cales adquiren especial significación en determinadas circunstancias:

³ MALUQUER DE MOTES I BERNET, Carlos J.: «El papel de las personas mayores en la nueva sociedad», relatorio presentado nas *Xornadas sobre a tutela das persoas maiores*, organizadas pola EGAP na Coruña os días 8 e 9 de maio de 2003.

1. O eixe central da condición do ser humano recoñécese no artigo 10: «A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e ós dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social».

2. Outro dereito esencial é o contido no artigo 14, relativo ó principio de igualdade, en tanto que resulta de todo inadmisíbel e intolerable calquera tipo de discriminación por «condición ou circunstancia persoal ou social».

3. Dada a realidade na que se moven os anciáns, cómpre ter en conta o dereito á liberdade contemplado no artigo 17, fundamentalmente pola fácil e frecuente vulnerabilidade que rodea as persoas de avanzada idade.

4. De grande importancia é tamén o dereito á «integridade moral e física» recoñecido no artigo 15, ademais do dereito á vida, «sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes». Con idéntica finalidade garántese no artigo 18 «o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe».

5. Finalmente, ademais do previsto nos artigos 41 e 50, que para os efectos da presente conferencia son os que presentan un maior interese e que por iso serán obxecto de comentario por separado, deben salientarse, non obstante, como preceptos constitucionais nos que se regulan as obrigas dos poderes públicos, en canto serven para organizar e tutelar aquelas circunstancias que faciliten o cumprimento das directrices xerais da política económica e social, os principios rectores reflectidos, entre outros, no artigo 39, cando di que os poderes públicos teñen a obriga de asegura-la protección social, económica e xurídica da familia, ou na alínea segunda do artigo 43 cando sinala que organizar e tutela-la saúde pública compételles ós poderes públicos mediante medidas preventivas e prestacións necesarias.

Aínda que todos estes dereitos constitucionais non sempre son adecuadamente respectados, o certo é que veñen constituí-la salvagarda e o amparo legal para calquera persoa, con independencia da idade que teña, e isto malia que a realidade social do ancián en numerosas ocasións presenta todo tipo de conflitos, e poden chegar a ser moitas as causas que motiven o incumprimento ou quebrantamento da norma constitucional, xa sexa por tratarse dunha realidade complexa, pola falta de conciencia social, ou ben por mero descoñecemento da normativa, ou, cada vez en maior medida, pola intromisión de intereses de índole privada.

De feito, a pesar de que os dereitos constitucionais son propios de calquera persoa, e poden ser alegados en todo momento e circunstancia, con frecuencia, e dada a realidade que nos rodea, con evidente primacía dos intereses privados, o respecto pola dignidade do ancián, pola liberdade en xeral, reflicten unha fragilidade que en moitas ocasións non se respecta e si se ve vulnerada.

Os artigos 41 e 50 como normas de protección constitucional dos anciáns

Sen prexuízo da debida contemplación de tódolos dereitos constitucionais mencionados, na nosa Carta magna encontramos dous preceptos claves na atención e protección do ancián. Dunha parte, o artigo 41 cando afirma que «Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para tódolos cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres». Este precepto básico en materia de Seguridade Social distingue tres niveis: o contributivo de base profesional, o asistencial ou non contributivo, e o complementario.

Doutra parte, o artigo 50, que di: «Os poderes públicos garantiránlles, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica ós cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio». Esta norma determina en primeiro lugar que a suficiencia económica dos cidadáns da terceira idade deberá ser garantida polos poderes públicos a través de pensións adecuadas e periodicamente actualizadas. E, en segundo lugar, establece que, sen ser incompatibles coas obrigas familiares que o lexislador tamén regula, deberán ser igualmente funcións dos poderes públicos a promoción do benestar do ancián mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

O sistema constitucional da Seguridade Social: o artigo 41

Como foi destacado doutrinalmente⁴, o artigo 41 permitiu remodelalo sistema de Seguridade Social, ó redor dos principios de universalidade subxectiva –tódolos cidadáns, contribúan ou non economicamente ó sistema–, xeneralidade obxectiva –a través da cobertura das distintas situacións de necesidade–, suficiencia das prestacións –con independencia dos ingresos profesionais anteriores–, e financiamento público –a través dos orzamentos xerais do Estado–. E conforme a estas orientacións constitucionais, foise organizando o actual sistema mixto de Seguridade Social,

⁴ J.L. BELTRÁN AGUIRRE, «La ordenación jurídica de la atención y protección de los ancianos por las Administraciones Públicas», *Los derechos no caducan con la edad: el año internacional de las personas mayores* (XVIII Cursos de Verano en San Sebastián, XI Cursos Europeos UPV/EHU 1999), colección *Jornadas sobre derechos humanos*, Editorial Ararteko, 1999, páxs. 31 e ss. No mesmo sentido, M.R. ALARCÓN CARACUEL, «Veinte años de ordenamiento laboral y de la Seguridad Social conforme a la Constitución», na obra colectiva *Veinte años de Ordenamiento Constitucional*, Editorial Aranzadi, 1999, páxs. 65 e ss.

en parte contributivo, financiado mediante as cotizacións sociais, e en parte non contributivo, financiado polas achegas do Estado ó orzamento da Seguridade Social.

Neste sentido, a Seguridade Social converteuse nunha función do Estado (SSTC 103/1983, do 22 de novembro e 65/1987, do 21 de maio), sobre todo aténdonos ó feito de que o mandato contido no artigo 41 da Constitución supón afastarse de concepcións anteriores da Seguridade Social en que primaba o principio contributivo e a cobertura de riscos e continxencias (ademais das dúas anteriores, STC 104/1983, do 23 de novembro).

De conformidade con esta mesma xurisprudencia, cabe soste que o sistema da Seguridade Social se configura como un réxime legal, en que tanto as achegas dos afiliados como as prestacións que se deben dispensar, os seus niveis e condicións, veñen determinados por regras que se integran no ordenamento xurídico e que están suxeitas ás modificacións que o lexislador introduza. Do artigo 41 non pode deducirse que a Constitución obrigue a que se manteñan todas e cada unha das pensións iniciais na contía prevista, nin que todas e cada unha das xa causadas experimenten un incremento anual (STC 134/1987, do 21 de xullo); aínda que a relación entre cota e prestación non se antolla necesaria desde o momento en que a Seguridade Social se converte nunha función do Estado, o sistema vixente en non poucas ocasións está inspirado no principio de correspondencia entre cotizacións e prestacións (a mesma sentenza fala de correspondencia limitada entre cotización e percepción), e sen que, en vía de amparo, o Alto Tribunal poida pronunciarse sobre o tema (STC 121/1983, do 15 de decembro).

Por outra parte, especial referencia merece a expresión «situacións de necesidade» contida no artigo 41, pois aínda que na norma se establece a obriga dos poderes públicos de manter un réxime de Seguridade Social para tódolos cidadáns, que garanta a asistencia e as prestacións sociais suficientes en «situacións de necesidade», a adopción deste termo non se opón á idea de prexuízo. Como se pon de manifesto na citada STC 103/1983, do 22 de novembro, «a referencia a unha 'situación de necesidade' ou a un 'estado de necesidade' obedece á vontade de superala primitiva perspectiva legal, onde era prioritaria a noción de 'risco' ou 'continxencia', que se produciu na Lei de bases da Seguridade Social de 1963, mesmo cando aínda subsista parcialmente unha atención diferenciada do estado de necesidade segundo o risco de que deriva: accidente de traballo ou non. Acolle-lo estado ou situación de necesidade como obxecto e fundamento da protección, implica unha tendencia a garantirlles ós cidadáns un mínimo de rendas, establecendo unha liña por debaixo da cal comeza a actua-la protección. O feito é, sen embargo, que esta tendencia non aparece plasmada na nosa normativa legal, que non se basea na pro-

tección fronte á pobreza, senón na compensación fronte a un dano, como é un exceso de gastos ou un defecto de ingresos orixinado pola actualización dunha determinada continxencia (morte, incapacidade, etc.)» (Fundamento xurídico 4). E é que, a pesar do preceptuado polo citado precepto, o dereito recollido nel supón un *mínimum* constitucionalmente garantido, xa que o lexislador pode, a impulso de motivacións de orde de política xurídica ou de política social, amplia-lo ámbito da protección (Fundamento xurídico 6).

Para concluír esta breve referencia ó artigo 41 da nosa Constitución, é de significar que, de acordo co afirmado no Fundamento xurídico 4 da STC 37/1994, do 10 de febreiro, «a garantía institucional do sistema de Seguridade Social, en canto impón o obrigado respecto ós trazos que a fan recoñecible no estado actual da conciencia social leva aparelado o carácter público do mencionado sistema. Agora ben, ese trazo debe apreciarse en relación coa estrutura e co réxime do sistema no seu conxunto, sen distorsiona-la avaliación, centrándoa en aspectos concretos deste desvinculados do conxunto ó que pertencen; sen pecha-la interpretación de certos conceptos de relevancia constitucional, nin tampouco facéndoos encaixar indebidamente nos moldes que nun determinado momento lles proporciona a lei ordinaria, tratando de descartar que poida haber outros posibles. O que verdadeiramente debe ser tutelado por imperativo constitucional é que non se poñan en cuestión os trazos estruturais da institución da Seguridade Social á que pertencen... Desde esta perspectiva, o carácter público do sistema da Seguridade Social non queda cuestionado pola incidencia nel de formas de xestión ou responsabilidade privadas, de importancia relativa no conxunto da acción protectora daquel...»

A protección á vellez dispensada no artigo 50

A protección á vellez que, nun principio se articulou no noso ordenamento mediante un seguro social voluntario regulado na Lei do 27 de febreiro de 1908, experimentou unha complexa e accidentada evolución ata chegar á situación vixente en materia de protección á terceira idade.

O actual artigo 50 da Constitución española contempla dous tipos de accións: a garantía da suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade e a promoción de servizos sociais de benestar que atendan a problemática específica dos anciáns en materia de saúde, vivenda, cultura e ocio. Estes dous mandatos intégranse na actualidade en tres ámbitos institucionais da política social:

- O nivel básico de prestacións da Seguridade Social.
- O nivel da asistencia social estatal.

■ O sistema complementario de servicios sociais da Seguridade Social e doutras administracións públicas.

Dentro do nivel básico de prestacións da Seguridade Social española, a protección da suficiencia económica da terceira idade artículase baseándose nas pensións e, principalmente, a través da pensión de xubilación, aínda que tamén, como é lóxico, por medio das de morte, e de supervivencia e invalidez permanente, dada a ausencia no sistema español dun mecanismo xeral de conversión de pensións ó redor da de xubilación.

En concreto, o primeiro inciso do precepto ordénalles ós poderes públicos garantir, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica dos anciáns, o que respecto deste colectivo supón unha previsión constitucional que vén reforza-lo carácter non contributivo das pensións públicas, pasando a ocupar unha posición decisiva o remedio de situacións de necesidade⁵. O concepto de «pensión adecuada» foi obxecto de interpretación polo Tribunal Constitucional, nas súas sentencias 134/1987, do 21 de xullo, 97/1990, do 24 de maio, e 100/1990, do 30 de maio, cando di que «non pode nin debe considerarse illadamente, atendendo a cada pensión singular, senón que debe ter en conta o sistema de pensións no seu conxunto, sen que poida prescindirse das circunstancias sociais e económicas de cada momento e sen que se poida esquecer que se trata de administrar medios económicos limitados para un gran número de necesidades sociais».

Este mesmo criterio é predicable, a xuízo do Tribunal Constitucional, da garantía de actualización periódica, polo que non resulta obrigado o incremento anual de tódalas pensións. Neste sentido, en relación ó artigo 50 e ás pensións asistenciais, a STC 25/1981 establece o que considera como condicións para a garantía da uniformidade das condicións de vida ou a traducción das condicións básicas da igualdade dos españois para o exercicio dos dereitos contidos na norma legal, da garantía prestacional dun mínimo vital. Estas son dúas; por un lado, a igualdade nas condicións de acceso á prestación, exemplificada na sentenza na unificación dos requisitos de idade, que resultaba ser un dos contidos

⁵ A STC 65/1987, do 21 de maio, fundamento de dereito 17, destaca como finalidade das pensións a eliminación de situacións de necesidade. Á súa vez, a STC 103/1983, do 22 de novembro, dinos que «A referencia a unha situación de necesidade ou a un estado de necesidade obedece á vontade de supera-la primitiva perspectiva legal, onde era prioritaria a noción de risco ou continxencia, que se produciu na Lei de bases de Seguridade Social de 1963, mesmo cando aínda subsista parcialmente unha atención diferenciada do estado de necesidade, segundo o risco do que deriva: accidente de traballo ou non. Acolle-lo estado ou situación de necesidade como obxectivo e fundamento da protección implica unha tendencia a garantirlles ós cidadáns un mínimo de rendas, establecendo unha liña por debaixo da cal comeza a actua-la protección».

dos preceptos impugnados e, por outro, a súa contía, que se deriva da propia afirmación do tribunal da necesidade de «asegurar con carácter xeral unha pensión asistencial mínima e idéntica para todos».

Pola súa parte, a Sentencia 61/1997 define, cunha forma xeral, o alcance desta expresión, nun intento de precisa-lo seu significado. Nunha primeira aproximación, «condicións básicas» serían aquelas que “fan referencia ó contido primario (STC 154/1988) do dereito ás posicións xurídicas fundamentais (facultades elementais, límites esenciais, deberes fundamentais, prestacións básicas, certas premisas ou presupostos previos...). As especificacións anteriores son consideradas como as imprescindibles para garantir esa igualdade. Xunto a esta definición, reitérase o criterio de que a igualdade non pode consistir nunha igualdade formal absoluta que excluíría as condicións materiais non reconducibles a esta concepción de «condicións básicas» (Fundamento xurídico 8).

En suma, tendo en conta que, xunto co inciso primeiro do artigo 50, a segunda parte deste precepto encoméndalles ós poderes públicos a creación dun «sistema de servizos sociais» de carácter técnico, que ofrezca resposta ós problemas e necesidades específicas dos anciáns, non xa de orde meramente económica, senón físicas e socio-culturais, o artigo deseña un conxunto de prestacións económicas e técnicas personalizadas que lles garantan ós cidadáns unha vida digna.

Este carácter de principio rector da política social e económica que é o artigo 50, queda reflectido na xurisprudencia vertida polo Tribunal Constitucional na que, xunto a numerosos autos de inadmisión de recurso de amparo por non encontrarse o mencionado artigo entre os susceptibles de protección por esta vía, destaca, en primeiro termo, a Sentencia do 2 de xullo de 1981 na que, a propósito do tema da xubilación e a súa hipotética consideración como medida de protección á terceira idade, recorda que a actual política de protección á terceira idade conforme queda exposta na recomendación número 162 da Conferencia internacional do traballo propugna a voluntariedade e a progresividade da xubilación. A Sentencia 19/1982, do 5 de maio, susténtase no principio recollido no artigo 50 e no seu carácter informador da práctica xudicial, para impoñe-la interpretación do principio de igualdade máis favorable á consecución do obxectivo de garanti-la suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade. Noutro sentido, a Sentencia 103/1984, do 12 de novembro, fai referencia ó artigo comentado ó rexeita-la posibilidade de derivar del ningunha interpretación que permita decidi-la compatibilidade ou incompatibilidade de pensións declaradas por lei, pois constitúe unha cuestión de mera legalidade. Idéntica argumentación para supostos substancialmente iguais pode verse na Sentencia 121/1984, do 12 de decembro.

3. A normativa autonómica en materia de asistencia social

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social⁶, de conformidade co establecido no artigo 27.23º do Estatuto de Autonomía, en relación co artigo 148.1º.20 da Constitución española.

No artigo 4 do Estatuto de Autonomía establécese que lles corresponde ós poderes públicos de Galicia facilita-la participación de tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia conta desde 1987 cunha lei de servicios sociais, a Lei 3/1987, do 27 de maio, que foi derogada pola actual Lei 4/1993, do 14 de abril. Este último texto legal trata de regular exhaustivamente os aspectos básicos dos servicios sociais de Galicia. No artigo 3.8º recolle como un dos principios inspiradores do sistema de servicios sociais a participación, e sinala que os poderes públicos promoverán a incorporación dos cidadáns á programación e prestación dos servicios sociais. O interese na participación social dos maiores non só se apoia nos principios xerais expresados, senón tamén no contido concreto dos servicios sociais de atención especializada para os maiores que estarán orientados á consecución do seu maior nivel de benestar posible, así como a conseguí-la súa autonomía e acada-la súa integración social, para o que é necesario a súa colaboración a través dos máis variados instrumentos.

Por outro lado, cada día é máis importante a presenza dos maiores na sociedade galega, o que require crear novas vías de participación deste colectivo en tódolos ámbitos da vida social e, especialmente, no campo dos servicios sociais dirixidos a eles.

Sendo así a colaboración dos maiores na programación e prestación dos servicios sociais un principio que debe orienta-la actuación dos poderes públicos, creouse o Consello Galego das Persoas Maiores, que veu configurarse como un instrumento de participación para dar resposta ás aspiracións dos maiores da nosa comunidade autónoma.

O Consello Galego das Persoas Maiores constituíuse como un órgano consultivo de participación e colaboración deste colectivo que estará formado por representantes das administracións, asociacións de persoas maiores, federacións de centros de atención ás persoas maiores e dos sindicatos que contén con áreas sectoriais específicas para este colectivo. O Consello ten como finalidades, entre outras, constituír un foro de encontro e debate no que se reflectan as inquietudes da poboación maior de Gali-

⁶ O Tribunal Constitucional xa apuntou esta identidade propia da «asistencia social» como título competencial, cando afirmou que «abarca unha técnica de protección fóra do sistema da Seguridade Social con caracteres propios que a separan doutras afíns a elas» (STC 146/1986, do 25 de novembro, F.X. 21, e 171/1989, do 23 de xullo, F.X. 31).

cia, promove-las relacións interxeracionais, así como colaborar cos poderes públicos en materias dos servizos sociais relacionados cos maiores.

Galicia debería de ter unha lei específica para a terceira idade, que buscarse a maior permanencia do ancián no seu domicilio habitual e procurase aumentalos seus mecanismos de apoio, todo isto cunha dotación económica e cuns medios suficientes. Contamos, desde hai pouco máis dun ano, cunha dirección xeral especificamente dirixida ó maior.

En efecto, actualmente, desde o punto de vista organizativo, os temas relacionados coas persoas maiores dependen fundamentalmente da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais na que, segundo o Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, correspóndelle á Dirección Xeral do Maior e de Persoas con Discapacidade:

■ *Elabora-las propostas para a formulación da política da consellería en materia de atención ós maiores e ás persoas discapacitadas. Así, realizará funcións de ordenación, coordinación, planificación e execución dos plans, equipamentos e servizos de atención especializada nas áreas de maiores e discapacidades e o asesoramento, asistencia técnica e a coordinación coas entidades prestadoras de servizos sociais nos citados ámbitos, así como a coordinación do funcionamento do Consello Galego das Persoas Maiores e do Consello Galego de Persoas con Discapacidade.*

■ *Formula-las propostas no seu ámbito competencial para a elaboración do Plan galego de equipamentos e servizos sociais, a creación e xestión dos equipamentos, programas e servizos que asuma a Administración autonómica, a implantación e seguimento dos plans de calidade que os afecten, a xestión de concertos, prestacións e axudas establecidas, a supervisión das actuacións das entidades destinadas á atención e promoción de maiores e persoas discapacitadas, a elaboración de propostas de normativa que lles afecten a estes sectores que considerarán, se é o caso, a participación dos usuarios no financiamento dos servizos, de conformidade cos principios de solidariedade e redistribución, así como calquera outra función relativa a materias da súa competencia ou que lle sexa atribuída pola normativa vixente no ámbito dos servizos sociais.*

■ *Elabora-lo estudio do anteproxecto do orzamento correspondente ó seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.*

En canto a outras comunidades autónomas, a Lei 4/1995, do 21 de marzo, de creación da Axencia Madrileña para a Tutela de Adultos, instaura un sistema legal de protección do maior desamparado. Esta axencia ten, entre algúns dos seus obxectivos, o exercicio inexcusable da tutela e curadoría, a defensa das persoas maiores en situación de desamparo, ademais da atención persoal do incapacitado e a administración dos bens do tutelado.

Para desenvolver estas funcións, a axencia pode exercelas directamente ou mediante convenios con outras persoas físicas ou xurídicas. E, por último, entre outros aspectos, destacarémo-la especial mención que na lei se lle fai ó «gardador de feito» dunha persoa maior.

En Asturias, pode destacarse a creación da figura do «Letrado defensor do ancián», mentres que en Castela-A Mancha funciona a chamada «Comisión de Tutela», e en Aragón o Consello da Terceira Idade.

4. A normativa civil de tutela de persoas maiores

Coa Constitución instáuranse dereitos e principios básicos para o noso ordenamento. Recoñécese a liberdade, a igualdade, de aí que fora urxente e imprescindible a reforma dalgúns preceptos que aparecen no Código civil para que sexan conformes ós preceptos constitucionais.

Non obstante, ó falar de materias de dereito civil é necesario diferenciar, en xeral, dous sistemas: as normas de dereito común que se recollen no Código civil, e as normas de dereito foral que se encontran e aplican nalgunas zonas do noso territorio, como é en Galicia que, como dixemos, ten competencia exclusiva en materia de dereito civil propio de acordo co artigo 149.1.8 da Constitución española e o 27.4 do Estatuto de Autonomía, o que xustifica a regulación propia, por exemplo, da autotutela.

En canto ó Código civil (dereito común) aplicable en todo o territorio, menos onde existan normas forais sobre o tema que se trate, temos que mencionar algunhas reformas importantes. Entre elas a Lei do 24 de outubro de 1983 que modifica a institución da tutela, establece normas específicas da curadoría, regula a garda de feito e cambia o réxime xurídico aplicable para a incapacitación dunha persoa e, no caso que proceda, o seu posible internamento.

Con frecuencia a persoa maior sofre algunha diminución na súa capacidade cognoscitiva, nas súas facultades para exercer dereitos e cumprir obrigas. Estas son as situacións que nos preocupan, porque se non hai diminución de capacidade, non podemos establecerlo criterio da idade, como circunstancia que diferencie o ancián dos demais. Cando non teña problemas de entendemento e vontade, presúmese que é unha persoa maior plenamente capaz de prestar un consentimento válido.

Sen embargo, dentro das normas do Código civil hai unha alínea esencial, que é a normativa aplicable sobre a obriga de alimentos que un maior pode reclamar dos seus descendentes.

Non só o menor pode esixir este dereito, xa que pola mesma razón outros parentes poden tamén reclamar este dereito de alimentos. Na meirande parte dos casos o maior ou ancián non exerce o seu dereito porque ignora o amparo das normas. Por descoñecemento acode a ou-

tras figuras como á renda vitalicia (transmisión dun inmovible a cambio dunha pensión vitalicia ou pagamento dunha residencia) ou o contrato vitalicio (transmisión dun inmovible por prestación de asistencia e alimentos). Con estas solucións legais o ancián cobre as súas necesidades aínda que asume graves riscos, ó non establecer garantías sobre os seus intereses. En numerosos casos o ancián deixa de recibirla pensión ou os alimentos pactados e non pode reclamá-lo ben transmitido, o cal en Galicia se subsanou mediante a regulación do vitalicio na nosa Lei de dereito civil, que cómpre ampliar.

Enténdese por alimentos todo o que é indispensable para o sustento, habitación, vestido e asistencia médica (art. 142 do Código civil), mínimo legal para que unha persoa viva dignamente. Conforme ó contido do art. 143 do Código civil, están obrigados entre si os cónxuxes, os ascendentes e os descendentes. En canto ós irmáns, unicamente terán dereito a reclamar, como indica expresamente o lexislador, «os auxilios necesarios para a vida», sempre que os necesiten por causa non imputable ó alimentista.

Situación diferente darase cando sexan varios os obrigados a cumprirla obriga de alimentos. Establécese unha orde para reclamálos, e se se trata dunha persoa maior ou anciá, en primeiro lugar deberá esixirlos ó cónxuxe; se este non pode, segundo o art. 144 do Código civil, serán «os descendentes do grao máis próximo» os que deban cumprirla obriga legal.

Seguindo a orde marcada polo lexislador, se a obriga de alimentos recae sobre dúas ou máis persoas, repartirase entre elas o pagamento da pensión en cantidade proporcional ó capital respectivo. Non obstante, no suposto de urxente necesidade, e sempre que se dean circunstancias especiais, o xuíz poderá esixirle só a un que preste a obriga. Iso si, co dereito a reclamarlles posteriormente ós demais a parte que lles corresponda.

A cantidade que hai que aboar debe ser proporcional ó capital ou medios de quen os dá e ás necesidades de quen os recibe (art. 146 do Código civil). Así, ó producirse un aumento ou diminución das necesidades do alimentista e da fortuna do que tivese que satisfacelos, os alimentos reduciranse ou aumentarán, sempre proporcionalmente.

A esixencia pode presentarse cando a persoa con dereito a percibilos os necesita para subsistir, pero unicamente se aboarán desde a data en que a demanda foi interposta. Recoñecida a débeda de alimentos, o pagamento verificarase por meses anticipados, por iso, se o alimentista falece, os seus herdeiros non estarán obrigados a devolve-lo recibido anticipadamente (art. 148 do Código civil).

Para que este pagamento sexa realmente eficaz, o xuíz poderá adoptar, a petición do ancián ou do Ministerio Fiscal, as medidas preventivas que sexan oportunas para asegura-los anticipos que aboe unha entidade pública ou outra persoa e prove-las futuras necesidades.

Outra alínea importante é cómo pode satisfacer, neste caso, o descendente, a obriga de alimentos. O lexislador ofrece a posibilidade dunha opción para que o obrigado a prestar alimentos elixa entre satisfacelos ou pagar unha pensión que se fixe, ou mesmo, recibir e mante-lo alimentista na propia casa do suxeito obrigado. Se se opta por esta última elección, e interpretando a norma do art. 149 do Código, esta solución pode ser rexeitada polo maior se concorre unha xusta causa ou prexudica o seu interese.

Por último, indicamos cando se extingue a obriga de alimentos que un descendente (fillo ou neto) ten respecto do seu ascendente (pai ou avó), sen esquecer que se trata dun deber recíproco. Cesa, en primeiro lugar, pola morte do suxeito que estaba obrigado a satisfacer os alimentos (art. 150 do Código civil).

Así mesmo, no art. 152 establécense os seguintes supostos: por morte do alimentista (persoa maior ou ancián); cando a fortuna do obrigado se reducise ata o punto de non poder satisfacelos sen desatende-las súas propias necesidades e as da súa familia; cando o alimentista pode exercer un oficio, profesión ou industria, ou adquirira un destino ou mellorara de fortuna, de sorte que non lle sexa necesaria a pensión alimenticia para a súa subsistencia; e entre outras causas, se o alimentista, sexa ou non herdeiro forzoso, cometese algunha falta das que dan lugar ó desherdamento (por exemplo, cando o obrigado era menor e o pai o abandonou, é razoable que nun momento posterior non poida reclamar alimentos dos seus descendentes).

Protéxese a subsistencia dunha persoa, recollido constitucionalmente no art. 10, ó considerar como eixe principal dos demais dereitos fundamentais a «dignidade da persoa», aínda que o alcance deste precepto é máis amplo. O dereito de alimentos supón un mínimo que o lexislador reconece para vivir dignamente. Obriga mutua entre persoas con relación de parentesco, e dada a realidade que estudiamos, nestas normas reconécese expresamente o dereito dos ascendentes a reclamar dos descendentes a obriga de alimentos.

Como dereito básico que é, non se admite a renuncia nin a transmisión a un terceiro. Agora ben, si se poderá compensar e renunciar ás pensións atrasadas, e incluso ceder a título oneroso ou gratuíto o dereito a demandalas (art. 151 do Código civil).

Asemade, a Lei 41/2003, do 18 de novembro sobre protección das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da Normativa tributaria con esta finalidade, no seu artigo 12 crea un novo capítulo II, dentro do título do libro IV do Código civil, baixo a rúbrica «Del contrato de alimentos», que engloba os artigos 1791 a 1797; introdúcese unha regulación sucinta pero suficiente dos alimentos convencionais, é dicir, da obriga alimenticia xurdida do pacto e

non da lei, a diferenza dos alimentos regulados polos artigos 142 e seguintes do dito corpo legal.

Probablemente (segundo don Jaime) sexa este o risco da reforma con máis consecuencias a curto prazo, simbolizado no acceso á protección do desemprego sen que requira impugna-lo despido de que foi obxecto o traballador. Con toda seguridade, a intención de dotar dunha regulación moi diferente os salarios de tramitación foi o elemento desencadente desta opción legislativa, pero non poden descartarse outros dous:

a) O primeiro, a xurisprudencia do TS, que abriu unha brecha importante, en pronunciamentos tales como un de 1995, que estableceu que

² Debido ó pasamento de don Manuel Alonso Olea, nin don José Luis Tortuero Plaza nin dona María José Feijóo Rey expuxeron o seu relatorio, esta última substituída por don Jaime Cabeza Pereiro. Aínda así, obra en poder da EGAP a documentación dos relatorios deste autores.

³ Catedrático de dereito do traballo e da seguridade social da Universidade Complutense. Profesor emérito. Profesor de dereito do traballo e a seguridade social do Colexio Universitario San Pablo CEU. Autor de numerosas monografía e publicacións especializadas.

⁴ Nesta alínea aparecen redactadas as notas que fun tomando, no curso destas xornadas e das intervencións de cada un dos conferenciantes, polo que para un estudo máis detallado e pormenorizado remítome á lectura dos distintos relatorios que foron entregados no desenvolvemento das xornadas e que obran en poder da EGAP.

⁵ Catedrático de dereito do traballo da Universidade de Vigo.

⁶ Vid. J. CABEZA PEREIRO: «Principais liñas de reforma da protección por desemprego», REGAP n.º 33, notas e comentarios, páx. 145.

en ningún caso o traballador tiña que impugna-lo cese dun contrato temporal, por groseira que fose a fraude de lei, para xerarse a situación legal de desemprego. Outro pronunciamento de 2000 que estableceu unha doutrina equiparable para o despido obxectivo ou os propios vaivéns da doutrina xudicial que sufriu a esixibilidade regulamentaria da indemnización de trinta e cinco días en fase preprocesual no caso de despido disciplinario improcedente.

b) O segundo, é a admisión dunha lóxica menos interesada na causa de desemprego e máis centrada no seu tratamento, manifestada en aspectos coma o compromiso de actividade ou a administrativización do concepto de oferta de emprego adecuada. Sexa como for, diferénciase entre despido procedente e improcedente, ó soterrarse a técnica do período de espera alí onde naceu e mostrárase como un elemento particularmente eficaz⁷.

Na linguaxe legislativa, esta renuncia ó exercicio do control caracterizouse como «adiantamento na percepción da prestación por desemprego», no caso de que a percíbise xa a partir da data de efectos do despido, sen prexuízo de que tiveran que arbitrar complexos mecanismos de devolución e compensación das cantidades indebidamente recibidas (regulados, sobre todo, no artigo 209.5 da Lei xeral da Seguridade Social –a partir de agora LXSS–) nos casos nos que, *a posteriori*, o traballador perciba durante os mesmos períodos salarios de tramitación.

Dende a perspectiva da nova regulación dos salarios de tramitación, como estes poden non existir nos casos nos que o empresario recoñeza inmediatamente despois do despido a súa improcedencia, ou cando o despido mereza a cualificación de procedente, sen o sometemento do desempregado ó anterior período de espera, o treito entre percepcións salariais e prestacións por desemprego mantense, pero anticipando esta ó debilitarse aquelas.

Por suposto, esta anticipación da prestación esixiu, á vez, modificar outras regras, como é o acceso ó desemprego por denuncia do período de proba, que posúe unha regulación anterior, como xa se descubriu anteriormente, que atopaba a súa explicación precisamente no control da fraude.

Non faltaron autores que, con grande lóxica, preconizaron que o máis axeitado sería derrogar toda a armazón normativa relativa á situación legal de desemprego para admitir que tamén a denuncia voluntaria do contrato por parte do traballador pode servir de canle de acceso á prestación.

⁷ Así o puxera de manifesto TORTUERO PLAZA, J. L., «Supuestos legales de desempleo protegidos en el ordenamiento español: una valoración crítica», RL, 1994-II, pp. 104 ss.

En contraste con esta flexibilización no acceso, artículase unha modalidade procesual nova, a do artigo 145 bis, para controlar, por parte da entidade xestora das prestacións por desemprego, o encadeamento de contratos, nos casos en que se poida estimar fraudulento, coas seguintes consecuencias en materia de prestacións por desemprego. Chama a atención, polo contraste que supón coa regra xeral anteriormente exposta e por toda a vocación xeral que ten a reforma de non prestar demasiada atención ó control no acceso á prestación. Acaso haxa que encontra-la explicación, sen dúbida insuficiente, no gasto comparativamente moi alto que leva consigo o fenómeno da excesiva rotación na man de obra. Á marxe das numerosas preguntas de índole procesual e substantiva que suscita este novo precepto procesual.

E outro tanto pode dicirse da cuestión relativa ás vacacións non aproveitadas no momento de extinción do contrato. Detectase unha intención de demora no acceso á prestación que non garda excesiva correspondencia con medidas tales como a supresión do período de espera nos despedimentos procedentes.

Polo demais, e dado que os salarios de tramitación, con tódalas peculiaridades que se queira, foron parcialmente restituídos coa Lei 45/2002, do 12 de decembro, resulta enormemente perturbador o réxime de acceso á prestación contributiva no caso de despido. Máis fácil sería aplicar sen máis a doutrina relativa á diferencia temporal entre a configuración da situación legal e a súa acreditación, que con tanto acerto se configurou en situacións tales coma a impugnación infrutuosa no cese dun contrato temporal.

E debe recordar, unha vez máis, os moi arduos problemas que presentara en momentos tales como a execución provisional de sentencias de despido ó abeiro do novo réxime legal. As modificacións que, directa ou indirectamente, lle afectan ó artigo 295 de la LPL son moitas máis das que a primeira vista poidan imaxinarse.

ii) Distinción de réximes xurídicos na atención ó tempo en que se configura a situación legal e o incremento da inseguridade xurídica

A reforma en varias fases da regulación de desemprego conseguiu xerar un grao de inseguridade xurídica practicamente sen precedentes no noso ordenamento. Pénsese, por exemplo, na regulación dos salarios de tramitación ou tamén na dos eventuais do campo de Extremadura e Andalucía. Pero, por destacar agora un tema especialmente complexo, podería facerse referencia ó desemprego dos traballadores fixos-periódicos, tendencia que veu detectándose en non poucos convenios colectivos, coma nos relativos ós transportes por estrada.

iii) *Certos trocos na protección asistencial sen un rumbo determinado*

Non pretendo facer agora referencia (palabras do autor) ás manobras de cambio e marcha atrás producidas nalgúns aspectos do subsidio por desemprego. Entre outras, podería aludirse ó moi polémico tema do cómputo, entre as rendas do solicitante, as indemnizacións derivadas do despido, que tan en perigo puxeran a certos desempregados perceptores de subsidios, como eran os procedentes de acordos en fases de consultas de expedientes de regulación de emprego que percibían a indemnización diferida en pagamentos mensuais. Sen prexuízo de todo isto, si que poden destacarse algúns cambios interesantes que melloran ou empeoran a acción protectora no nivel asistencial. En particular, os dous seguintes:

1. A posibilidade de que dentro do prazo dun ano, dende a data do feito causante, se acredite que se cumpren os requisitos de carencia de rendas ou, no seu caso, de existencia de responsabilidades familiares. Con isto, evítase a perda definitiva do subsidio para o beneficiario que deixe de reunir todos e cada un dos requisitos para ser beneficiario da acción protectora, ó menos que volva atoparse nalgunha das situacións previstas no artigo 215 LXSS.

2. Nun sentido inverso, estreitouse considerablemente o ámbito de beneficiarios do subsidio do emigrante retornado, ó excluí-los países do espacio económico europeo e a todos aqueles nos que exista convenio bilateral que inclúa a cobertura de desemprego, feito que dificulta –máis ben imposibilita– o acceso ó subsidio para maiores de cincuenta e dous anos dos emigrantes retornados destes Estados, ó menos que realicen un traballo efectivo con cotizacións efectivas en España despois do dito retorno.

Pero ademais destas reformas de orientacións encontradas, o certo é que tampouco se abordaron temas cruciais, como é o dobre cómputo das rendas, primeiro a nivel individual e logo a nivel da unidade familiar, o cal veu producir, coa aquiescencia do Tribunal Supremo, situacións xurídicas inxustas ata o discriminatorio; xunto a beneficiarios que obtiñan o subsidio porque as súas rendas individuais non superaban o limiar protexible e tampouco o superaban as rendas familiares, a outros desempregados denegábaselle-la protección, aínda que as rendas familiares eran moi inferiores, pola sinxela razón de que, a nivel individual, os seus ingresos si superaban o setenta e cinco por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extras.

Xa para rematar esta alínea, tampouco se solucionou na medida do necesario a colación de certas rendas non materializadas que contaron cunha toma en consideración que foi abondo polémica; por exemplo, o problema das pensións compensatorias a favor dos fillos, que integran as rendas da unidade familiar sen que en moitas ocasións sexan aboadas realmente por parte do excónxuxe separado.

iv) *Unha maior preocupación pola recolocación do desempregado*

Pode que esta sexa a orientación máis nítida na reforma⁸. Neste senso, a modificación tan ampla e tan discutida de que foi obxecto o concepto de colocación adecuada pode ser moi ilustrativa. Non polos seus efectos concretos senón pola propia atención que se lle prestou.

O precepto, tal e como quedou despois da Lei 45/2002, resulta moi discutible, non tanto pola súa excesiva dimensión e casuísmo, que pretende cubrir unha pléiade de situacións que probablemente fora mellor confiar na súa apreciación á doutrina xudicial, como pola administrativización do concepto de emprego adecuado, que queda confiado ó servizo público de emprego. Parece que se lles presta demasiada atención ás circunstancias que rodean o traballo que se lle ofreceu ó desempregado e demasiada pouca a outras cuestións máis substantivas, como poden se-la propia profesionalidade do desempregado. Díxose en diversas ocasións que resulta restrictivo o propio tratamento que a cuestión recibe no ordenamento xurídico español, máis a partir do concepto de emprego adecuado que do dereito do traballador a rexeitar un emprego inconveniente, que foi a perspectiva seguida pola normativa internacional e moi en especial polo Convenio nº 44 da OIT⁹.

Á marxe de todo isto, o que subxace á reforma do concepto, por certo agora mellor emprazado no artigo 231 LXSS, é un interese por aquilata-lo ámbito das ofertas que necesariamente ten que atender un receptor dunha prestación ou dun subsidio por desemprego. O novo concepto está aberto a un bo número de críticas. Entre outras (nesta cuestión tampouco o concepto precedente merecía valoración), pode sinalarse que non se distingue entre beneficiario dunha prestación contributiva e dun subsidio asistencial, como debería facerse con toda probabilidade para concibi-lo concepto «oferta de emprego adecuada» en termos máis flexibles cando se trata da cobertura do nivel asistencial coa finalidade de que o desempregado estivese obrigado a aceptar ofertas dun espectro máis amplo.

Polo contrario, no nivel contributivo, o concepto de profesionalidade debe desempeñar un papel máis protagonista, de modo que o dereito de rexeitamento debería proxectarse alí onde se produce un prexuízo evidente da formación e da traxectoria profesional do parado. Non en van unha das finalidades da prestación da Seguridade Social por paro for-

⁸ Como afirmou RODRÍGUEZ-PIÑEIRO E BRAVO-FERRER, M., «La nueva dimensión de la protección por desempleo», RL, nº 13, 2002, p. 7, «la búsqueda y aceptación de ese empleo lo eleva a elemento de la propia contingencia».

⁹ Neste senso, vg., LUJÁN ALCARAZ, J., «La noción de “colocación adecuada” ante la reforma de la protección por desempleo» AS, nº 5, 2002.

zoso consiste en mante-lo traballador nos seus dereitos profesionais. Finalidade á que, dito sexa de paso, a reforma non parece ser demasiado sensible.

A reforma está interesada máis na inserción do desempregado que na calidade do emprego que vaia encontrar. Só así pode entenderse a deslegalización ou incluso a desnormativización que se produce nos casos nos que o desempregado leva máis dun ano percibindo prestacións. Ou que o artigo 231.2 se preocupe máis das circunstancias do concepto de emprego adecuado (distancia, parcialidade, temporalidade, conciliación de vida familiar e laboral) que da súa propia definición, sobre a que non se achega practicamente ningún trazo novidoso que non estivera contemplado na anterior versión do artigo 213 LXSS¹⁰.

Tamén na liña de contribuír á pronta recolocación do desempregado, debe tomarse en consideración a reiterada referencia legal a este instrumento novidoso que é o compromiso de actividade, unha especie de contrato entre o servizo público e o demandante de emprego beneficiario dunha prestación ou dun subsidio. Da súa definición no artigo 231.2 («o que adquire o solicitante ou beneficiario das prestacións de buscar activamente emprego, aceptar unha colocación adecuada e participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementa-la súa ocupabilidade, así como de cumprir-las restantes obrigacións previstas neste artigo») non se extraen demasiadas consecuencias concretas, máis alá da esixibilidade da súa sinatura.

Non parece que o lexislador español quixera chegar ata límites moito máis ambiciosos dos que teñen documentos homólogos a este noutros ordenamentos de Estado do noso contorno, nos que, *verbi gratia*, o compromiso é individualizado e verificado cunha periodicidade intensa e o desempregado ten unha conducta de emprego activa cada semana. Quizais a estes obxectivos máis modestos conducira a escasa dotación material e humana dos servizos públicos de emprego, ou acaso tamén o desexo de non producir subitamente un cambio de modelo demasiado radical. Calquera que sexa a explicación, o certo é que a introducción do compromiso de actividade supón un paso máis na tendencia que alguén denominou como de «política de contractualización das prestacións sociais».

Isto non foi óbice para flexibilizar certas esixencias. De acordo co inciso segundo do artigo 231.1 i), «sen prexuízo da obrigación de acreditar a busca activa de emprego, a participación nas accións de mellora da

¹⁰ Poden destacarse, como mínimas achegas, as de considerar adecuada a profesión demandada polo traballador e a de vincula-lo concepto de profesión habitual ó seu desenvolvemento durante ó menos tres meses.

ocupabilidade será voluntaria para os perceptores das prestacións contributivas durante os cen primeiros días de percepción, e a non participación nestas non implicará efectos sancionadores». Do cal, ademais de destacar que limitase a protección no nivel contributivo, cabe comentar que correspondese con outros ordenamentos que tamén prevén homologables períodos «de espera» durante os cales as esixencias cara ós desempregados beneficiarios da acción protectora da Seguridade Social son menos rigorosas.

Finalmente, pode citarse certa normativa relativa á suspensión e extinción das prestacións en relación co desenvolvemento dun traballo como autónomo, nunha corrente máis favorable á iniciación deste tipo de actividades que xa foi postulada polo Tribunal Supremo en sentencias de hai algúns anos¹¹. A idea consiste en tratar con maior consideración ó desempregado que inicia unha actividade por conta propia, por definición incompatible coa prestación ou co subsidio aínda que por conta allea, que só xera suspensión da prestación durante doce meses, o traballo como autónomo estende a situación suspensiva ata vintecatro meses exclusive.

v) *Outros tópicos*

Non poden esquecerse outras cuestións centrais da reforma do desemprego. Polo que ó ámbito das prestacións se refire, podería facerse referencia ó subsidio dos traballadores eventuais do campo, que se estende, nun novo réxime moito máis esixente, a todo o territorio do Estado. Isto en prexuízo do vello réxime previsto para os eventuais de Andalucía e Estremadura, que agora queren reconducirse a través da renda activa de reinserción, aínda que nunha normativa que ten visos de reformarse proximamente a pouco que cristalicen as declaracións de intencións e acordos entre o Goberno e os sindicatos. Ademais, habería que facer referencia ó tema da renda activa de reinserción, especialmente perfeccionada na Lei 45/2002, do 12 de decembro.

Xa para rematar, dicir que se se analiza a cobertura do desemprego con certa perspectiva, a tendencia do recorte é moi evidente. A calidade e a intensidade da protección era moito maior hai once anos, cando por última vez o lexislador se cuestionou a tarefa de enfocar unha reforma de amplo calado. E o máis lamentable, segundo o relator, Jaime Cabeza Peireiro, é que os sucesivos recortes cos que os desempregados se foron encontrando cada un de xaneiro foron silenciados dentro dunha batería de modificacións de gran complexidade técnica. Estes si, supuxeron un retroceso que ninguén ou case ninguén dos seus precursores se dignaron

¹¹ Vg., STS do 24 de marzo de 1998 (rec. N° 2975/1997).

en explicar, por máis que explicables, ou incluso loables, puideran se-las súas intencións.

2. As novidades no ámbito da prestación contributiva.

D. José Luis Tortuero Plaza¹²

A Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, procedente do Real decreto lei 5/2002, do 24 de maio, incorporou as seguintes reformas no nivel contributivo da protección por desemprego:

- Requisitos para o nacemento do dereito ás prestacións (artigo 207.c).
- Situación legal de desemprego (artigo 208.1.c e g, 208.1.4, 208.2.2 e 208.4).
- Solicitude e nacemento do dereito (artigo 209.1 e 3, engádense as alíneas 4, 5 e 6).
- Duración da prestación (engádense unha alínea 4 ó artigo 210).
- Suspensión do dereito (artigo 212.1^a, d e e, 221.2.3.b).
- Extinción do dereito (artigo 213.1.b e c, 213.2).
- Acreditación das situacións legais de desemprego (L. 45/2002, Disp. trans. 2).

As reformas iniciadas deben poñerse en relación coas incorporadas, pola propia Lei 45/2002, ó Estatuto dos traballadores, á Lei de procedemento laboral e á Lei de infraccións e sancións da orde social¹³. Todas elas teñen unha conexión directa ou indirecta, de forma que o alcance da reforma tan só é comprensible dende unha óptica global.

No conxunto das reformas operadas sobre o artigo 208, situacións legais de desemprego, sen ningunha dúbida a de maior calado é a referida ó despido. O despido como causa legal de desemprego, tivo unha evolución con connotacións conceptuais. En efecto, con anterioridade á Lei de

¹² Profesor titular de dereito do traballo da Universidade Complutense de Madrid.

¹³ Unha análise completa da reforma pode verse no número 67, 2003 (monográfico) da *Revista Documentación Laboral*. A valoración xeral da reforma efectuada por A. SEMPERE NAVARRO, na presentación do referido núm. monográfico. Unha análise do RDL precedente pode verse nos seguintes traballos: A. SEMPERE NAVARRO, *La reforma del despido y el desempleo mediante RDL 5/2002, de 24 de mayo*, en *Actualidad Jurídica*, núm. 536/2002: AAVV (Dir. E COOF. A. SEMPERE NAVARRO e M. CARDENAL CARRO). *La reforma del despido y del desempleo (Análisis del Real Decreto Ley 5/2002)*, Murcia, edit. Laborum, 2002; tamén en, AAVV, *Comentarios de urgencia del sistema por desempleo*. Valladolid, edit. Lex Nova, 2002.

prestacións por desemprego (Lei 31/1984, do 2 de agosto, LPD) os conceptos de imputabilidade e involuntariedade na perda do emprego entremesturábanse provocando a expulsión da protección de quen eran despedidos procedentemente.

A partir da LPD, os conceptos referidos disócianse relativamente, permitindo co despido procedentemente acceder á protección de espera de tres meses. Finalmente, a tendencia conceptual finaliza coa Lei 45/2002, que permite o acceso á protección¹⁴ e, polo tanto, a configuración do despido sen cualificativos nin restricións como situación legal de desemprego¹⁵.

As valoracións anteriores referidas ó impacto conceptual da Lei 45/2002, son de carácter doutrinal. Dito doutra forma. Lamentablemente non estamos en presenza dun novo enfoque lexislativo. Polo contrario, a reforma da protección por desemprego nos supostos de despido é unha consecuencia derivada da reforma do Estatuto dos traballadores e da Lei de procedemento laboral en materia de salarios de tramitación.

En efecto, non se podían suprimir ou minora-los chamados salarios de tramitación sen reforma-lo desemprego. A este respecto, a solución foi trasladada-lo nacemento do dereito á protección ó momento en que se produce a decisión do empresario de extingui-la relación laboral, isto é, a decisión extintiva entenderase por si e sen necesidade de impugnación, como situación legal de desemprego.

Búscase, polo tanto, unha inmediatez entre o despido e o nacemento da protección, de forma que a prestación por desemprego asuma o espazo sobre o que tradicionalmente actuaron os salarios de tramitación. Consecuencia obrigada da referida inmediatez, é a supresión das distintas consecuencias que en materia de protección por desemprego, provocaba a cualificación do despido.

Certo é que a reforma provocou, como efecto non buscado directamente, o fin dos efectos colaterais da imputabilidade, con todo, tamén o é, co criterio da involuntariedade, e na perda do emprego quedou indemne, aínda que a aparencia poida ser outra. En efecto, suprimiuse a esixencia de impugnación do acto extintivo do empresario (o vello artigo 208.2.2), pero esta cuestión non debe equivocarnos¹⁶.

¹⁴ Estas observacións destacámolas en M. ALONSO OLEA e J. L. TORTUERO PLAZA, *Instituciones de Seguridad Social*, Madrid, 18ª edic. Civitas, páx. 225, nota 110.

¹⁵ J. LUJÁN ALCARAZ, en AA.VV., *La reforma del despido y del desempleo (Análisis del Real Decreto Ley 5/2002)*,... op. cit. páx. 129.

¹⁶ Con criterios dubitativos refírense a esta materia, M. RODRÍGUEZ PIÑEIRO ROYO e S. BARCELÓN COBEDO, *Análisis del capítulo I de la Ley 45/2002*, en Documentación Laboral núm. 67, 2003.

A supresión referida, tampouco ten connotacións, máis ben constitúe un instrumento necesario para harmoniza-los salarios de tramitación e o desemprego. A inmediatez no nacemento de protección, levaba implícita necesariamente a supresión da impugnación. Noutro caso, o nacemento da protección quedaría necesariamente desprazada. Nesta orde e con aquela finalidade, o reformado artigo 209.4 precisa «a decisión de empresario de extinguir, entenderase por si e sen necesidade de impugnación, como causa de situación legal de desemprego, etc.» e engade, para que non exista equívoco, que: «o exercicio da acción contra o despido ou extinción non impedirá que se produza o nacemento do dereito á prestación».

Certamente, sería desexable suprimir con carácter xeral a involuntariedade na perda do emprego, ó non constituír, como dende antigo, un trazo constitutivo. Con todo, non era este o obxectivo da reforma. Aínda que conceptualmente non caben as comparacións e as críticas deben actuar sobre a análise dos elementos que teñen ou non carácter constitutivo, o certo é que a situación producida pola reforma é, cando menos, sorprendente.

En efecto, antes e agora, o traballador non pode extinguir voluntariamente o contrato nin sequera durante o período de proba (por exemplo para realizar cursos de formación ou para buscar un traballo máis acorde coa súa titulación, ou baseándose en que o traballo prometido non se corresponda co efectuado durante o período de proba...), ó quedar expulsado da protección por desemprego. Polo contrario, se coa mesma finalidade apuntada, o traballador opta por incumprir coas súas obrigacións contractuais e é o despido procedente, o acceso ó desemprego esta garantido. Non parece que a estrutura interna achegue unha ordenación baseada en criterios de racionalidade, aínda que indirectamente queden salvados os elementos conceptuais.

3. As novidades no nivel asistencial da protección por desemprego¹⁷. D. Pedro Rabanal Carbajo¹⁸

1. *Requisitos xerais:*

- i) O compromiso de actividade.
- ii) O requisito de non superación do límite de rendas do 75% do SMI.

¹⁷ Como xa expuxen anteriormente, o conferenciante non se presentou debido ó óbito de don Manuel Alonso Olea; a pesar diso, presentou o seu relatorio, do que recollo, nesta crónica, o índice por estar moi ben estruturado. Para unha maior comprensión recomendo te-la lei a man.

¹⁸ Profesor titular do dereito de traballo e da seguridade social da Universidade de Vigo.

2. *Tipos de subsidios:*

- i) Subsidio por responsabilidades familiares.
- ii) Subsidio para maiores de 45 anos.
- iii) Subsidio para emigrantes retornados.
- iv) Subsidio para liberados da prisión.
- v) Subsidio para inválidos que recuperen a súa capacidade.
- vi) Subsidio para aqueles que non cotizaran o suficiente para acceder á prestación («contributivo-asistencial»).
- vii) Subsidio para maiores de 52 anos (ou de prexubilación).
- viii) Subsidio especial para maiores de 45 anos.
- ix) Subsidio para traballadores fixos descontínuos.
- x) Renda activa de inserción.
- xi) Subsidio por desemprego agrario.

3. *Contía e duración.*

4. *Cotización.*

5. *Xestión e pagamento do subsidio.*

6. *Suspensión e extinción do subsidio.*

7. *Renda activa de inserción.*

i) Concepto.

ii) Requisitos.

iii) Beneficiarios:

- a) Minusválidos cun grao igual ou superior ó 33%, con independencia da súa idade.
- b) Emigrantes retornados, maiores de 45 anos.
- c) Víctima de violencia doméstica.
- d) Traballadores eventuais agrarios de Andalucía e Estremadura que non teñan dereito ó subsidio de desemprego agrario.
- e) Empresarios que contraten a beneficiarios da renda activa de inserción (subvención salarial).
- f) Réxime xurídico.
- g) Contía.

4. **O concepto de colocación adecuada e o compromiso de actividade.** D^a. Lourdes Mella Méndez¹⁹

Aínda que o artigo 207, c) LXSS remite ó artigo 231 do mesmo texto legal para atopalo concepto do compromiso de actividade, parte do seu

¹⁹ Profesora titular de dereito do traballo e da seguridade social da Universidade de Santiago de Compostela.

contido xa se pon de relevo naquel cando alude á busca activa de emprego e á aceptación de colocación adecuada. Agora ben, para os efectos de aclarar posibles dúbidas sobre o contido de tan importante concepto, o lexislador opta por definilo expresamente no número dous do artigo referenciado, e cun contido máis amplo do que inicialmente puidera parecer.

En efecto, considérase compromiso de actividade o que adquire o «solicitante ou beneficiario das prestacións de buscar activamente emprego, aceptar unha colocación adecuada e participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementa-la súa ocupabilidade, así como cumpri-las restantes obrigas previstas neste artigo».

Como se aprecia, a amplitude do contido do compromiso de actividade ponse de relevo ó incluí-la necesidade de cumprir, non só coas accións específicas de motivación, información, orientación, formación ou reconversión profesional, senón tamén co resto das obrigas que prevé o citado artigo 231 que, precisamente, no seu número un, por lista son as correspondentes «ós traballadores» e «solicitantes e beneficiarios de prestacións de desemprego».

A Lei 45/2002 vén sumar ás xa previstas no mencionado precepto (cotizar pola achega da continxencia por desemprego; proporciona-la información necesaria para os efectos de recoñecemento, suspensión, extinción ou proseguimento do dereito ás prestacións; participar en programas de colaboración social ou en accións de promoción, formación ou reconversión profesional que determine o INEM ou as entidades asociadas dos servicios integrados para o emprego e a acepta-la colocación adecuada que lle sexa ofrecida por aquel ou a axencia de colocación; renova-la demanda de emprego en data e forma; solicita-la baixa das prestacións por desemprego cando proceda; reintegra-las prestacións indebidamente percibidas e devolverlle ó INEM, ou axencia de colocación, o xustificante de ter comparecido á oferta de emprego ofrecida por aqueles) dúas máis: as de «subscribir e cumpri-las esixencias do compromiso de actividade» (letra h) e «buscar activamente emprego e participar en accións de mellora da ocupabilidade, que se determinen polos servicios públicos de emprego competentes, no seu caso, dentro dun itinerario de inserción» (letra i).

Mentres que esta última obriga se configura de forma específica e concreta, a primeira reitera a obriga xenérica do desempregado de atende-lo compromiso de actividade con todo o que isto implica. Así as cousas, a estrutura e organización interna do analizado artigo 231 resulta confusa e complexa, pois sorprende que, por un lado, no seu número un, dedicado a enumerar unha longa serie de obrigacións específicas (algunhas das cales reitera despois na definición do compromiso de actividade), inclúa a xenérica de subscribir e cumpri-las esixencias de compromiso en cuestión e, por outro, no seu número dous, a definición estudiada espe-

cifique expresamente algunhas obrigacións e a outras aluda xenericamente por conterse no seu número un.

En opinión da autora, de cara a unha mellor organización da estrutura e maior claridade do precepto sería máis correcto que, por exemplo, o número un se limitase a prever como obrigación xenérica dos interesados a de «subscribir e cumprir-las esixencias do compromiso de actividade» e que o dous entrase a definir o precepto con precisión, enumerando unha por unha tódalas obrigacións que formasen parte do seu contido, co que se evitarían repeticións inútiles.

Respecto da obrigación introducida polo RD-lei no artigo 231.1, i), LXSS, cabe sinalar que a Lei 45/2002 engade un inciso ó texto inicial deste, no sentido de precisar que, «sen prexuízo da obrigación de acredita-la busca activa do emprego, a participación nas accións de mellora da ocupabilidade será voluntaria para os beneficiarios de prestacións contributivas durante os cen primeiros días de percepción, e a non participación nestas non implicará efectos sancionadores». Deste modo, non cabe dúbida de que, durante ese primeiro e curto período, os perceptores da prestación contributiva por desemprego gozan dunha maior liberdade ou capacidade de actuación persoal e profesional, pois non están obrigados a participar en accións «oficiais» de mellora da ocupabilidade, e é suficiente con que acrediten que están buscando activamente emprego, o que se producirá a través da subscripción do correspondente compromiso de actividade.

Segundo a exposición de motivos da citada lei, a non obrigatoriedade na participación das accións en cuestión parece relacionarse co pouco tempo transcorrido dende a perda do emprego e, polo tanto, coa presunción de que a capacidade daqueles «para atopar un emprego» permanece «íntacta», e que poderán poñer «en práctica por si, sen axuda, se así o desexan, doutro tipo de accións do Servicio público de emprego». En efecto, dado que se presume que a brevidade do período transcorrido en situación de desemprego aínda non minguou de ningún xeito as aptitudes profesionais do afectado, o que se quere é estimular-la súa capacidade de iniciativa e a súa liberdade na busca dun novo emprego. Agora ben, se aquel o desexa, tamén pode facer uso das referidas accións do Servicio público de emprego, o que en ningún caso parece que o poida prexudicar.

Aínda que, nun principio, as accións específicas de mellora da ocupabilidade parecen de diferente contido e natureza, basicamente, divídense en dous grupos:

- i) As de información (motivación, información, orientación).
- ii) E as de formación (formación, reconversión ou inserción) profesional.

Dous tipos de accións complementarias que perseguen un único fin: a mellora da ocupabilidade do desempregado, isto é, facer todo o posi-

ble para que este poida atopar un novo emprego canto antes. Noutras palabras, inténtase saca-la maior rendibilidade profesional ó tempo que o afectado está sen traballar, que xa non debe equivaler ó tempo de inactividade, senón todo o contrario. Non se traballa, pero «trabállase» para traballar.

Unha precisión importante é a de que, aínda cando antes da reforma o desempregado xa tiña obrigación de participar en accións similares de «promoción, formación ou reconversión profesionais» que determinase o INEM ou as entidades asociadas dos servicios integrados para o emprego (artigo 231.1, c), LXSS), a Lei 45/2002 reforza a importancia daquelas e a obriga do afectado de participar nelas, como o acredita o que pasen a formar parte expresa do contido do compromiso de actividade e, no seu caso, dun itinerario de inserción que se estableza para aquel.

Pola súa parte, a busca activa de emprego debe entenderse como a realización de motu propio, por parte do desempregado, de tódalas xestións e accións que estean na súa man para atopar un novo posto de traballo. Das tres obrigas fundamentais que integran o compromiso de actividade, é a máis novidosa, dado que –a diferenza das outras dúas– non estaba prevista expresamente.

Como moito, a busca do traballo podería entenderse implícita na inscrición do desempregado nas oficinas do INEM, pois se consta nestas é porque está buscando traballo e en disposición de traballar²⁰. Agora ben, parece claro que se o lexislador crea a obrigación de «buscar activamente emprego» quere ir máis lonxe: xa non abonda con inscribirse nas oficinas de emprego (o que pode levar á pasividade dos traballadores), senón que hai que manter unha actitude «activa» de busca de emprego que force a aquel a poñer en marcha iniciativas co fin da procura do emprego desexado²¹. Puntualización importante é a de que a busca activa de emprego debe referirse ó que resulte «adecuado» por analoxía coa obrigación de aceptar só ofertas de traballo que tamén o sexan. Só o traballo adecuado xera a obrigación de aceptalo, xa o ofrezca o INEM, xa o busque e atope o interesado.

²⁰ Así, STS do 12 de marzo de 1998 (Ar. 2565): «a nota da involuntariedade no desemprego comporta a súa exteriorización mediante unha manifestación de vontade acreditativa do desexo de volver traballar, e revélase a inscrición como demandante de emprego na oficina correspondente do INEM, como instrumento xustificativo desta involuntariedade no paro.»

²¹ Non se comparte, pois, a opinión de que a obriga de acredita-la dispoñibilidade para buscar emprego resulta innecesaria, ó derivar da inscrición nas oficinas de emprego (así CAVAS MARTÍNEZ, F. e FERNÁNDEZ ORRICO, F. J., no volume «La reforma del despido y del desempleo. Análisis del Real decreto-lei 5/2002», dirixido por Sempere Navarro e Cardenal Carro (Murcia 2002), p. 124).

Cuestión directamente relacionada co contido do compromiso de actividade é a do seu alcance, en tanto en canto, *a priori*, podería dubidarse se este é xenérico ou específico. Agora ben, á vista da exposición do seu contido, parece claro que o compromiso de actividade configúrase xenericamente, pois limítase a reitera-las obrigacións legais que este xa ten por lei.

Rexéitase, así, que o compromiso en cuestión debe entenderse como un «compromiso específico», que concreta as obrigas xenéricas de buscar emprego, aceptar colocación adecuada e realizar accións formativas. Noutras palabras, non se está ante un compromiso de, por exemplo, buscar emprego nun determinado ámbito, aceptar un posto de traballo que reúna unhas determinadas características ou participar nunhas concretas accións formativas, pois a precisión do que se entenda «adecuado» resulta, á parte de cambiante, difícil de establecer nun primeiro momento.

A configuración xenérica do compromiso de actividade permite salvar tales inconvenientes ó obrigar ó desempregado a buscar ou aceptalo emprego ou realiza-las accións formativas que, en cada momento, se consideren adecuadas, adaptándose ás cambiantes circunstancias persoais e do mercado de traballo.

**5. Os programas de emprego dos perceptores de prestacións.
 Pagamento único. Mobilidade xeográfica. Formación profesional. Compatibilidade co traballo por conta allea.
 D^a. María Xosé Feijóo Rey²²**

No capítulo primeiro da «Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade»²³ (LPDMO) texto legal no que devén o «Real decreto-lei 5/2002, do 24 de maio, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade»²⁴ (RDLPDMO) trala súa tramitación parlamentaria, acométense diversas modificacións no sistema de protección por desemprego. En concreto, o artigo primeiro, establece a «modificación da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño».

Xustamente, o contido asignado ó presente relatorio trasládanos, este capítulo primeiro, en concreto ó artigo primeiro punto nove da LPDMO

²² Profesora titular de dereito do traballo e da seguridade social da Universidade Autónoma de Barcelona.

²³ BOE de 13 de decembro de 2002.

²⁴ BOE do 25 de maio de 2002.

(punto oito RDLPDMO). No punto nove alúdese ó artigo 228 do texto refundido da LXSS²⁵.

En relación a este artigo 228 da LXSS, a reforma implica, en primeiro lugar, a modificación da alínea terceira e, en segundo lugar, a adición de dúas novas alíneas, a saber, a cuarta e a quinta. Nas referenciadas modificacións e adicións, a redacción que contén a LPDMO é idéntica á que se continúa no RDLPDMO, coa única excepción que na modificación operada na alínea 3, a redacción legal, hoxe en vigor, concrétese en «(...) a entidade xestora poderá aboar dunha soa vez (...)». Constátase que se produce un cambio da preposición «por» (a entidade xestora poderá aboar «por» unha soa vez).

O artigo 228 da LXSS é o precepto que atende ó pagamento das prestacións por desemprego. A redacción actual deste artigo, modificando –a alínea terceira–, ou adicionando diversas alíneas –cuarta e quinta–, ten un denominador común, en tanto que require que previamente exista un «programa de fomento do emprego que o estableza» (en relación a aqueles extremos que agora contempla na súa nova redacción).

Trátase de medidas que pretenden ser harmónicas co propio título da reforma, non só dirixida a incidir sobre «a protección por desemprego», senón tamén, en directa relación coa «mellora da ocupabilidade».

6. A nova normativa sobre salarios de tramitación.

D. Javier Gárate Castro²⁶

Don Javier Gárate Castro repetiu unha vez máis²⁷ que un dos aspectos máis preocupantes, quizais o máis preocupante segundo as súas verbas, da bazofia que constituíu, ó menos dende un punto de vista da técnica xurídica seguida ou aplicada, o polémico Real decreto-lei 5/2002, do 24 de maio, foi o da profunda modificación do sistema de protección fronte ó despido que, aínda que aparecía realizada no marco da reforma das prestacións por desemprego, posuía substantividade propia²⁸.

Tratándose dunha cuestión principal dentro das que eran obxecto de regulación polo citado texto legal, chamaba profundamente a atención que a súa exposición de motivos evitara proporcionar calquera explica-

²⁵ Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (BOE 29 do xuño de 1994).

²⁶ Catedrático de dereito do traballo e da seguridade social da Universidade de Santiago de Compostela.

²⁷ Vid. J. GÁRATE CASTRO: «La reforma del régimen jurídico del despido; en particular, de los salarios de tramitación», *Aranzadi Social*, 2002, 12, páx. 56.

²⁸ Vid. J. GÁRATE CASTRO: «A reforma do réxime xurídico do despedimento pola Lei 45/2002. En particular, sobre a regulación dos salarios de tramitación», *REGAP* 33, Estudio; páx. 15.

ción directa e clara das medidas adoptadas ó respecto. Neste senso, non se podería considerar seriamente que semellante explicación emerxese ó relaciona-las aludidas medidas coas que se indicaba que tiñan como obxectivo «mellora-lo funcionamento do mercado de traballo», e para os seus efectos manifestaba aquela exposición de motivos que se establecía «o comezo da percepción da prestación de desemprego dende o cese por despido, con independencia da súa impugnación, e posibilitaba a existencia de ingresos no período que media entre o despido e a conciliación ou a sentenza».

Cabe pensar que o Goberno optou deliberadamente por eludir ou da-lo tipo de explicación considerado porque era consciente de que a modificación comentada excedía con moito da do sistema de protección por desemprego ou, se se prefire, pouco tiña que ver con ela e para nada se relacionaba cos obxectivos formulados na exposición de motivos á que se viña facendo referencia. O resultado é que as razóns de oportunidade da reforma –as xurídicas non existían– debía de extraelas o intérprete do contido dos propios preceptos modificados; polo demais, non se descubría en ningún momento que concorrese na regulación da materia unha necesidade extraordinaria e urxente xustificativa, en termos do artigo 86.1 da Constitución española, da súa realización acudindo á figura do decreto-lei.

Neste senso, a tramitación como lei da reforma, con importantes modificacións que alcanzan, polo que aquí interesa, ó réxime do despido, que volve, nos seus aspectos laborais, a unha situación que implica un notorio achegamento ó anterior o Real decreto-lei 5/2002, contribúe a privar de razón ós que afirmaron, principalmente dende instancias políticas, a existencia da expresada necesidade e mostra de que, en realidade, se actuou con precipitación e moi pouca responsabilidade.

Tal é unha das conclusións que cabe extraer da lectura dos preceptos do Estatuto dos traballadores que se ocupan do despido, modificados novamente pola Lei 45/2002, do 12 de decembro, que supón, tanto nesta materia como en moitos aspectos da protección por desemprego, unha reforma con medidas claramente opostas ás introducidas pola anterior.

Remata o autor dicindo que é laudable ter regresado, en materia de despido, a unha situación máis próxima á anterior á entrada en vigor do Real decreto-lei 5/2002; con todo, á parte de que a redacción dada a algúns dos preceptos modificados, principalmente ós que repercuten sobre os efectos do despido en materia de protección por desemprego, é excesivamente prolixa e deixa moito que desexar en canto á súa claridade e técnica xurídica, segue chamando a atención que a Lei 45/2002 non proporcione, na súa exposición de motivos, ningunha explicación relacionada directamente coa nova regulación do despido, que segue excedendo, de forma clara, da reforma da protección por desemprego.

Bótase en falta, especialmente, que non se bote ningunha luz sobre a razón pola cal se considera regular o despido como se fai agora, cando poucos meses atrás o que se estimaba bo era a suxeición deste a un réxime distinto ó significativamente afastado do recentemente establecido.

4. Cláusura das xornadas

As xornadas foron clausuradas polo director da Escola Galega de Administración pública reiterando a súa gratitude a tódolos relatores que nos acompañaron, esperando que a xornada espertara a atención e mailo interese de tódolos asistentes e que servira para resolver cantas dúbidas xurdiran tralas sucesivas exposicións.

5. A modo de conclusión

A reforma laboral, obxecto destas xornadas, pretende non só dar continuidade ás medidas adoptadas con ocasión da reforma laboral do 1997, basicamente incentivación da contratación estable mediante o establecemento de numerosas bonificacións nas cotas empresariais á Seguridade Social e unha redución dos custos de extinción do contrato para determinados colectivos, senón que ademais «intenta afondar na adecuación e na adaptación das estruturas laborais a momentos e necesidades que están experimentando importantes cambios», actuando sobre tres aspectos relevantes da armazón xurídica laboral como son: a temporalidade, a incentivación da estabilidade e a regulación dun contrato de traballo a tempo parcial «que garanta unha presenza en cantidade e calidade comparable ó resto da Unión Europea».

A reforma das prestacións por desemprego que se acomete con esta lei ten como obxectivos os seguintes:

a) Falicitar oportunidades de emprego para tódalas persoas que desexen incorporarse ó mercado de traballo

Para isto, dende o inicio da prestación existirá un compromiso de actividade en virtude do cal o desempregado terá dereito a que os servizos públicos de emprego determinen o mellor itinerario de inserción, de acordo coas súas capacidades profesionais e aptitudes para o traballo.

Igualmente, favorécese que aqueles desempregados maiores de cincuenta e dous anos beneficiarios de calquera subsidio por desemprego poidan compatibilizar voluntariamente unha parte deste co traballo por conta allea, e permitirlle así acumular períodos de cotización e recuperar carreiras de seguro tendo nun futuro unha mellor pensión de xubilación.

Non é preciso presentar aquí o profesor Paolo Grossi, nin glosa-la súa voluminosa obra. A xente familiarizada co labor do *Centro di Studi per la Storia del Pensiero Giuridico Moderno* da Universidade de Florencia é consciente de que tanto el coma os seus máis egregios discípulos (os profesores Costa, Fioravanti, Sordi, Cappellini, Mannoni, entre outros), constitúen un dos grupos de traballo máis sólidos, rigorosos e convincentes de todo o panorama historiográfico europeo. As liñas de investigación que cultivan non se detiveron exclusivamente no campo da historia do dereito medieval, moderno ou contemporáneo, senón que se proxeccionaron cara á actualidade máis rabiosa, cara ó comentario desde a óptica histórico-xurídica do conxunto de transformacións que estamos vivindo. A reflexión sobre a esencia do dereito, así mesmo, brindou algunha colaboración recente na que, con linguaxe clara, sinxela e directa –non en van a obra está inspirada nas leccións introductivas que Grossi vén desenvolvendo desde fai anos para os alumnos de primeiro ano de licenciatura na Universidade de Florencia–, expón os recantos do mundo do dereito, do que é boa mostra o seu traballo *Prima lezione di diritto*, Editori Laterza, Roma-Bari, 2003; síntese feita con bo gusto, mellor literatura e o suficientemente gráfica e expresiva para satisfacer os intereses do perito e do lego en cuestións xurídicas. Desta forma, o laboratorio florentino erixiuse por dereito propio nun dos máis fecundos centros de investigación, como acredita a realización de numerosos congresos e encontros, a continuada publicación dos *Quaderni Fiorentini per la Storia del Pensiero Giuridico Moderno*, a *Biblioteca per la Storia del Pensiero Giuridico Moderno* cun amplo abano de temas nos seus números monográficos, imbuídos todos estes logros culturais dunha tendencia á ruptura das fronteiras habituais nas que se acantonou tradicionalmente a historia do dereito e buscou a dimensión práctica, útil, tanxible do coñecemento histórico do fenómeno xurídico, de todo fenómeno xurídico. Achegando os datos da realidade empírica, comparando situacións, aproveitando exemplos procedentes de tempos remotos, traspoñendo experiencias, conseguiuase converter-la historia xurídica nunha historia actual, viva, afastada desa «historia anticuaria ou monumental» que tanto anoxaba a Nietzsche. Quizais sexa esta a dirección que debemos ou que debe ser copiada. Recentemente o profesor Sánchez-Arcilla aludía á necesidade de que a historia

do dereito se insira plenamente como o eixo conceptual elemental da ciencia xurídica, como disciplina básica para o coñecemento de todo proceso xurídico (Vid. Sánchez-Arcilla Bernal, J., *Jacobus, id quod ego. Los caminos de la ciencia jurídica*. Editorial Dykinson, Madrid, 2003, pp. 447 e ss.). O camiño florentino pode servirnos de guía.

O pequeno, pero intenso e suxectivo, volume que é obxecto da presente re-
revisión crítica componse de tres ensaios, orixinados noutras tantas conferen-
cias dadas en sedes diversas como se indicará a continuación. A obra foi
publicada inicialmente en italiano pola prestixiosa editorial milanese Giuffrè no
ano 2001. Na nota introductoria, Grossi formúlase, no que é unha constante en
toda a súa produción científica, dun modo claro cál é o papel que lle corres-
ponde ó historiador do dereito. Non hai dúbida: trátase da conciencia crítica do
estudioso do dereito positivo. O historiador do dereito, como sucede con todo
historiador, é desconfiado por natureza. Non abonda con recibilos datos, ele-
mento capital do que facer historiográfico; hai que actuar sobre eles coas armas
da lóxica e da razón, co método que se asumira como propio: hai que saber de
ónde proceden aqueles, cómo chegaron ata nós, qué camiños e influencias se-
guiron, se son ou non veraces, se é factible ou non detectar modificacións pro-
ducidas polo tempo e polos axentes que operan neste, falsificacións, cambios,
alteracións, así como as razóns recónditas que os inspiran, etc. Evidentemente,
o historiador aparece así mesmo como «erudito coñecedor do pasado próximo e
remoto», se ben, como o propio autor advirte, atopámonos neste caso ante un
papel nobre, pero menor, que aparece reconducido en última instancia a un sa-
crificio de corte intelectual, a unha auténtica renuncia (p. 15). O obxecto deste
criticismo constitúeno os dogmas que a modernidade consolidou ó longo dos sé-
culos XIX e XX. Este traballo é un auténtico disparo á liña de flotación dalgun-
has das crenzas máis consolidadas e arraigadas no pensamento xurídico europeo
contemporáneo; algúns dos seus heroes, caso de Kelsen, non saen moi ben pa-
rados deste enfrontamento. Para desmontalos, Grossi acode a un método sim-
ple: a comparación, que agudiza o sentido crítico da perspectiva. A comparación
conduce á comprensión; a comprensión, á redución, non como valoración ne-
gativa, senón como recondución do fenómeno á súa medida histórica real (p.
19). Efectúase así unha «revisión crítica de algunos fundamentos de la moder-
nidad jurídica aceptados pasivamente como una dogmática meta-temporal y to-
davía demasiado absolutizados en la mente del jurisconsulto contemporáneo»
(p. 20). A misión do historiador do dereito é, reitera na p. 68, o oficio de com-
parar, relativizar, diferenciar: historiador é aquel que «advirte la trampa del
dato terminológico, prefiere abandonar el simulacro unitario y bajar a la reali-
dad histórica que está, por el contrario, marcada esencialmente de inagotable
discontinuidad» (p. 68). Comeza aquí esta actividade deconstructiva.

O primeiro dos ensaios ten a súa orixe nunha lección pronunciada na Uni-
versidade de Pisa no ano académico 1998-1999, co título «¿Justicia como ley o
ley como justicia? Anotaciones de un historiador del derecho» (pp. 21-38). O

dilema está presentado non desde a clásica contraposición entre dereito natural monista e dereito positivo dualista, senón desde a perspectiva histórica. Concretamente, Grossi propón un novo camiño de revisión. O dilema é coñecido. A lei adornouse de certos atributos (xeneralidade, abstracción, rixidez, indiscutibilidade do seu contido), que a fan incuestionable, indubidable, e provocou a errónea identificación do dereito coa simple lei, coa que debería ser considerada simplemente como unha soa das súas múltiples e plurais manifestacións. Isto implicou unha consecuencia: a desconfianza por parte do común dos homes. Intervén o historiador do dereito para mostra-lo relativismo desta solución que é froito dunha «elección política próxima a nosotros» (p. 23), que, por tanto, non pode ser conceptualizada como un dogma, como a resposta definitiva, plena, ansiada. ¿Como mostrar ese relativismo? Mediante a comparación. A resposta non está no vento, senón no medievo (obxecto dun dos traballos máis celebrados de Grossi, *L'ordine giuridico medievale*. Editori Laterza, Bari, 1995, cunha traducción española de 1996). A Idade Media é ese marabilloso taller onde a dimensión xurídica «circula constantemente por las venas del organismo medieval» á cal se profesa un respecto total e innegable, fronte á instrumentalización que domina na época moderna: «Lo que en el primero aparece entre los fines supremos de la sociedad civil, en el segundo resulta un instrumento, aunque relevante, en manos del poder político contingente» (p. 24).

O mundo medieval achega unha visión da orde xurídica no estatal (o cal non significa a ausencia dun poder, senón a carencia dun poder omnicompreensivo, totalizador, como o que se construírá na época moderna), que descansa sobre tres piares básicos. A xeración do dereito obedece á realidade histórica, co que non xorde da vontade do gobernante, senón como unha emanación da propia sociedade e loxicamente antecedente, «que nace en las vastas espiras de la sociedad con la que se mezcla, a la que se incorpora» (p. 25): existe o dereito; o poder vén despois. En consecuencia, e nun segundo lugar, non é a voz do poder a que nos fala: o dereito arrinca da sociedade e acaban ámbolos dous por fundirse, dado que a «dimensión jurídica no puede ser pensada como un mundo de formas puras o de simples mandatos separados de una realidad social» (p. 26). A terceira consecuencia atopa nesta sociedade a súa raíz e convértese así en cimento de todo un edificio cultural, civilizador. A dulcificación que implica esta visión do dereito, fronte ó predominio dunha linguaxe dura, directa, cortante, típica dos nosos días, achega unha concepción laxa do xurídico, apén-dice da propia dimensión social do home, xerado sen a intromisión de axentes estraños: soamente o home e o dereito se enfrontan nesta formulación. García-Pelayo recordábanos hai tempo como os termos *ius* e *honor* son sinónimos no momento medieval, porque o dereito é creación da comunidade e de cada un dos individuos, razón pola cal o ataque ó dereito se ve como ataque á comunidade e ós seus integrantes, razón pola cal a defensa dese dereito vulnerado correspóndelle tanto á propia colectividade coma ás partes que a conforman. O dereito non é algo alleo ou engadido ó individuo: forma parte da súa ontoloxía,

da súa esencia. Ortega y Gasset destacaba como no medievo ter un dereito e ser capaz de mantelo, de defendelo, eran situacións totalmente equiparables, idénticas, do que se deduce a inexistencia do dereito obxectivo e a pluralidade de dereitos subxectivos, liberdades. Max Weber referíase a un «cosmos de privilexios» para explica-lo mundo xurídico altomedieval. Se ese dereito está dado, está creado, conformado, soamente resta un labor: interpretalo. O dereito, di Grossi, concíbese como interpretación, «trabajo de una comunidad de juristas (maestros, jueces, notarios) que, sobre la base de textos autorizados (romanos y canónicos), lee los signos de los tiempos y construye un derecho auténticamente medieval, a costa de ir más allá e incluso contra lo expuesto en esos textos que a menudo asumen el reducido papel de momento de validez formal» (p. 27). Tomás de Aquino será quen leve á súa máxima expresión esta posición ó formula-la súa coñecida definición da lei humana como ordenación da razón, dirixida ó ben común, promulgada por quen ten ó seu cargo o goberno da comunidade. Os tres aspectos expostos polo aquinatense amosan á perfección as dimensións do fenómeno xurídico desde a perspectiva da creación: o núcleo esencial (norma que debe ser ordenación e ser racional), a teleoloxía da norma, a autoridade que debe realizala e actuala posteriormente. A modo de recapitulación, Grossi equipara a figura do dereito a unha realidade óntica, escrita na natureza das cousas, realidade radical, xa que emana das raíces da mesma sociedade e por isto se identifica co costume, con aqueles «hechos típicos que confieren su rostro peculiar a una civilización histórica» (p. 29).

Fronte á visión medieval, na que se produce un entrecruzamento, unha amalgama do social (obxecto) e do xurídico (método de ordenación), a modernidade simbolizada no nacemento paulatino dos diferentes reinos (o modelo é Francia, que constrúe un sistema político de corte marcadamente absolutista, estatalista, entre os séculos XIII e XVIII). A sociedade, o colectivo, dá paso ó príncipe, suxeito solitario e illado, «individuo modelo y modelo de todo individuo» (p. 30), quen dunha forma desapaixonada, indolente se se quere, procede á creación do dereito conforme xa á súa soa vontade. Aparece a soberanía e o seu gran teórico: Jean Bodin. Ese príncipe «no ama las mortificaciones provenientes de la realidad de este mundo, que no está en diálogo con la naturaleza y con la sociedad, que tolera la humillación de ser simple parte de una relación. Él -individuo en absoluta insularidad- tenderá a proyectar hacia fuera una voluntad perfectamente definida, que encuentra en él toda posible justificación» (pp. 30-31). Ese príncipe trastorna a idílica paisaxe medieval ata agora contemplada. Pasamos, pois, a unha serie de presupostos diferentes ós que ata entón se xeraran. A súa vontade, o seu desexo, a ausencia de conexión do dereito coa armazón social, a tecnificación do mundo xurídico, a aparición dos letrados, etc. En certa maneira, prodúcese un baleiro substancial. Fronte á lei medieval, plena de contido, aparece a lei moderna, acto de volición autoritaria do titular da nova soberanía e caracterizada polas notas de xeneralidade e de rigidez. Así o expresará Montaigne nos seus *Essais*. Disto deriva unha terrible con-

secuencia: a lei convértese en pura forma, acto sen contido, acto que posúe un carácter legal que non depende dun contido concreto, senón da súa procedencia soberana. Dá igual cómo se procede a enchelo: o importante é o requisito formal; o contido é secundario e presúmese a súa concordancia co resto do dereito, se é que este existe, ó depender da soa vontade do autócrata o seu respecto e a súa conservación. Os séculos XVIII e XIX non farán senón acentuar esta concepción. A expresión máis acabada témola na Codificación francesa, de onde emanan apotegmas que hoxe son considerados como tópicos, pero que expresan á perfección ese estado de ánimo xurídico do momento: o xuíz é a boca que di as palabras da lei (soa e exclusivamente); o imperio da lei convértese na aspiración da orde xurídica; o recurso de casación defende a aplicación uniforme e textual da norma legal sen darlles cabida a labores esexéticos doutro signo, a Escola da eséxese que renuncia a calquera elemento metaxurídico para interpreta-las normas, etc. En suma, construíuse un sistema que se fundamenta na mística da legalidade, do poder lexiferante que substituíu ó soberano (cambio de titularidade, pero identidade de resultados: poder absoluto na súa actividade, se ben con matices procedentes do ámbito anglosaxón; a constitucionalidade das leis tarda en arraigar na Europa continental). O resultado final: a fusión de dereito e lei, a súa identificación, situación que Grossi concibe como o gran drama do mundo moderno: «la absorción de todo el derecho por la ley, en su identificación con la ley, aunque sea mala o inicua, como decíamos al principio» (p. 36). ¿Trátase de volver ó momento medieval? ¿Trátase de resucita-lo pasado? Non. Simplemente se debe aproveita-lo que de benéfico hai na antigüidade e recordar, polo tanto, o engarce que debe existir, por cuestións naturais, lóxicas, entre unha sociedade que necesita o dereito e un dereito que necesita da sociedade, máxime cando nos actuais momentos a dinámica social provoca cambios incesantes, que fan que o dereito se converta moitas veces nun simple certificado de actos consolidados, nun notario dun *statu quo* xurdido á marxe deste, pero que debe acoller no seu seo, perdendo a función de cambio, de orientación que lle debe corresponder a este pola súa propia esencia. O historiador do dereito debe de actuar precisamente para arrancar esta enfermidade dogmática desde as súas raíces. ¿Como? Mostrando que outros universos xurídicos son posibles, que outra conformación da realidade xurídica se pode facer factible recorrendo ó expediente do pasado. A crítica é evidentemente constructiva, non simplemente demoledora.

O segundo dos traballos compilados «Más allá de la mitología jurídica de la Modernidad», pp. 39-65, texto tomado da conferencia pronunciada ó recibi-lo autor o *Premio Internazionale Duca di Amalfi* no ano 2000, procede a unha depuración dos dogmas modernos xa anteriormente apuntados. A mitoloxía, segundo Grossi, aparece claramente como construción intelectual dunha metarrealidade: «Para esto sirve el mito en su significado esencial de transposición de planos, de proceso que compele a una realidad a completar un vistoso salto a otro plano transformándose en una metarrealidad; y si toda realidad está en la historia, de

la historia nace y con la historia cambia, la metarrealidad constituida por el mito se convierte en una entidad metahistórica y, lo que es más importante, se absolutiza, se convierte en objeto de creencia más que de conocimiento» (p. 41). A modernidade necesita do mito porque precisa aferrarse a algo absoluto: o mito suple o baleiro, a carencia, perigosa para a propia estabilidade da sociedade. Os distintos caracteres do dereito moderno fan que xurdan os correspondentes mitos ó seu redor: o valor incuestionable da lei como expresión dunha pretendida vontade xeral, a matematización da interpretación xurídica por medio da vía da subsumción (plenamente leibniziana), o abandono da noción de xustiza material ou axiolóxica, a visión potestativa do dereito, a reformulación de formulacións positivistas que atopan en Kelsen a súa máis alta expresión, etc. Fronte a todos estes postulados, case convertidos en verdades de fe, a postura do xurista (e Grossi volve sobre os seus argumentos xa coñecidos) debe se-la do extremo criticismo e a recuperación da sociedade como medida e resultado do xurídico. «Urge, señala el autor en p. 45, recuperar la juridicidad más allá del Estado y más allá del poder, urge recuperarla para la sociedad como realidad global, con una recuperación que es, ante todo, oficio de jurista». A sociedade débese converter así no parámetro que mida non só a eficacia, senón incluso a validez do dereito. O vínculo sociedade-dereito debe poñer de manifesto a complexidade deste último: «Espejo de la sociedad, refleja su estructura abigarrada, estratificada y diferenciada» (p. 46). O dereito xa non pode ser concibido desde un prisma unilateral e simplificador.

A continuación, Grossi repasa os mitos e impúgnaos con argumentos sólidos e convincentes. Á visión potestativa do dereito, creación do poder, representada polo formalismo kelseniano, opón aquela acertada visión de Santi Romano do dereito como «ordenamento», é dicir, como unha expresión da sociedade en toda a súa extensión e en toda a súa plenitude. O dereito non pode ser visto como orde monolítica, creada á marxe dos valores, operadores e principios colectivos, senón que debe incardinarse precisamente na senda que a propia sociedade e cada un dos seus integrantes lle van trazando. Soamente o engarce entre sociedade e dereito permite a realización da plenitude de aspiracións da unha e do outro. Sen esa concordancia, o dereito non lle serviría á colectividade á que, paradoxicamente, lle tería que servir; se a sociedade non emprega o dereito como técnica, produciríase o consecuente caso, a desorde, a anarquía. Non debemos esquecer-las palabras de Goethe: é preferible a inxustiza á desorde. Aquela pode repararse; a segunda dificilmente pode ser obxecto de reparación porque normalmente significa o tránsito cara a outros novos mundos. A reivindicación do ordenamento é, así mesmo, reivindicación da orde, unha orde que debe ser rigorosa, mais non estricta, que debe regula-lo «indócil mundo dos feitos», se ben respectando a complexidade e a pluralidade da realidade: «Es lo opuesto a masificación y a simplificación forzosa» (p. 54). Novamente a referencia a Tomás de Aquino aparece en toda a súa magnitude.

Finalmente, a interpretación-aplicación debe ser outro dos puntos crítica-

bles, outro dos mitos que cómpre derrubar. Non cabe admitir xa a seca e descarnada forma de aplicación que proclamou Montesquieu e sacralizou a Revolución francesa. O xurista debe proceder a realizar estes labores non desde unha dimensión meramente cognoscitiva: debe tomarse «como vida la norma en el tiempo y en el espacio, encarnación de la norma en cuanto ejercicio, práctica, uso; enfoque que esté dispuesto a aceptar en el panorama jurídico incluso a la comunidad de usuarios con una función no meramente pasiva, que esté dispuesto a admitir no un solo protagonista monocrático (el titular del poder), sino una pluralidad compacta de sujetos» (p. 60). Para cumprir este cometido, dúas son as recuperacións esixibles: o dereito é máis aplicación que norma (conci-bilo coma unha simple pauta de conducta fixada nun texto provocaría o alongamento da vida), e o dereito é, ante todo, ordenamento (a súa autoridade atópase nos contidos que compón e que propón, está en ser lectura obxectiva da realidade, intento de racionalización desta): «Es una autoridad que nace de abajo, que hace que se acepte y observe espontáneamente por la sociedad; la observancia –que es el gran misterio del derecho– pierde así lo repugnante de la coerción. Con el derecho-ordenamiento hasta el hombre de la calle puede reconciliarse» (p. 60). O gran *sanctasanctorum* da legalidade, a mesma lei, sucumbiu ás esixencias teóricas e prácticas das novas sociedades. O fragmento que segue é sumamente expresivo: «La ley vacía era una suerte de forma ingeniosa dentro de la cual el legislador omnisciente, infalible, omnipotente podía hospedar a su arbitrio cualquier contenido. El ordenamiento jurídico, resuelto en un gran esqueleto legislativo, admitía un solo cordón umbilical, el que le unía con el poder, el único del que extraía vitalidad, alimento, efectividad, mientras no reconocía ninguno con la complejidad de la sociedad» (p. 61).

Desmontados os mitos, ¿queda algo aproveitable? Que non se estenda o pesimismo. Grossi, tomando como referencia o labor da Corte constitucional italiana, viu como se produciu unha recuperación da racionalidade como límite da acción lexislativa e do dereito vivo. O formalismo pode ser combatido e pode ser vencido, sen ter que ser erradicado. As novas demandas, necesidades e esixencias da vida actual, cotiá, esixen un dereito activo, dúctil, renovado continuamente, que non se converta en ríxido corpiño, senón en técnica ó servicio da colectividade, un dereito que poida moverse coa velocidade da propia sociedade e que cumpra a súa misión suprema de ordenación e pacificación, sen renunciar abertamente á forma, que é, como se sabe, o prezo que hai que pagar pola seguridade. A identificación dereito-lei debe entenderse xa superada, do mesmo xeito que debe desaparecer-la idea de que o dereito se fai exclusivamente mediante leis e que só o lexislador é suxeito creador. A esixencia, conclúe Grossi, é unha: quitarlle á lei o papel totalizador e socialmente insoportable que a era burguesa lle outorgou (p. 64). Debe se-la sociedade a que fale, a que xere a riqueza xurídica, tal e como sucedía na cidade de Amalfi, crisol de tradicións mercantís e comerciais, á que se refire cun especial cariño histórico no final da súa intervención.

Finalmente, queda un punto por atacar: a materialización dos idearios xurídicos modernos realizouse fundamentalmente por medio dos códigos, obxecto do último traballo recollido: «Códigos: algunas conclusiones entre dos milenios», pp. 67-93, relación final presentada no congreso *Codici. Una riflessione di fine millenio*, desenvolvido en Florencia en outubro de 2000. O código é, cos seus antecedentes iusracionalistas, o fillo máis preclaro da modernidade xurídica. Aparece no século XIX como ruptura nunha triple dirección: nova maneira de concibi-la produción do dereito, nova forma de disciplina-las relacións coas fontes, e nova maneira de presenta-las relacións entre a orde xurídica e o poder político. Fronte á concepción da orde xurídica típica do Antigo Réxime, exemplificada nas recompilacións da Idade Moderna, orde caracterizada por tres notas (era aluvional, ó segui-lo devir da sociedade; era pluralista pola súa intensa conexión coa sociedade e coas súas forzas plurais; e era extraestatal, no sentido de non rexistra-la voz do poder político continxente, aforrando os seus condicionamentos), o codificador opón unha orde antitética: racional, destinada a configura-la sociedade ó seu antollo; único, fronte á diversidade; e fundamentalmente estatal. Esta nova visión, sen embargo, non é exclusiva responsabilidade napoleónica. Grossi fala doutros responsables anteriores: Bodin, Luís XIV, Colbert, Domat e Pothier, entre outros, sentaran as bases para acabar nesta situación de «absolutismo xurídico», cada un coa súa pequena achega (a soberanía, a identificación rei-Estado, as primeiras disposicións xerais estendidas por todo o reino de Francia, o engarce e a adaptación do dereito francés ó dereito romano, explicado «segundo a súa orde natural», entre outros logros). Todo acabou por desembocar nun príncipe, lexislador omnisciente, na identificación da lei co soberano, coa súa soa vontade, cos seus únicos desexos. Gracias a Rousseau, trasponse o soberano, altérase a súa residencia: xa non será o rei, senón o pobo. É indiferente porque a liberdade e o poder son os mesmos, os máis amplos imaxinables. E ademais sen control.

O froito maduro que se obtén de toda esta herdanza xurídica é o código. Grossi destaca varias das características desde: a súa tipicidade está caracterizada pola súa tendencia (o que non quere dicir que se realice sempre, senón que aparece como orientación inspiradora) a ser fonte completa, unitaria e exclusiva. Completa porque se considera a compilación perfecta da orde xurídica, o que todo o contén e todo o resolve, directa ou indirectamente, por medio do seu pormenorizado articulado e por medio da remisión a determinados argumentos como a equidade, o dereito natural ou os principios xerais do dereito; é unitario, reconduce o dereito a unha unidade formal e material, razón pola que é exclusivo, porque fóra del non hai dereito ou, o que é o mesmo, con expresión de Bugnet, é todo o dereito. Sen embargo, estes idearios foron sucumbindo co paso do tempo e son poucos xa os que cren na infalibilidade dos códigos coa mesma fe cega coa que se entregaran os xuristas do século XIX, salvo honrosas excepcións. O substrato desta fe cega no código é a expresión do pensamento burgués e dos principios que o suxeitan (propiedade individual e libre, liberdade

contractual, autonomía da vontade, etc.). A burguesía é a gran triunfadora da Revolución francesa e é lóxico pensar que utilizará os medios que o dereito, o seu dereito, pon ó seu servizo para a realización dos fins que esta se propuña. A transformación social, máis moderada e matizada do que se creu (toda revolución acaba nun proceso de osmose, que leva a contemporiza-las súas formulacións máis radicais pola soa evolución do tempo). A abstracción e a igualdade xurídicas son os resultados finais da ecuación. Evidentemente, isto efectúase por contraposición ó pasado, pero non desde un punto de vista neutral. A burguesía quere materializar eses postulados porque entende que lle van beneficiar. Pero estes acaban convertendo o código nunha «muralla china que separa el mundo del derecho (y de la relevancia jurídica) del mundo de los hechos (y de la irrelevancia jurídica), tan compacta e impenetrable como quizá nunca se había logrado en los largos tiempos de la historia jurídica occidental» (p. 81). O código resulta así incomunicable (a expresión é de Paolo Cappellini), ou, o que é o mesmo, é o resultado dunha monopolización da produción xurídica, instrumento dun Estado monoclasa, centralista que se expresa «en una lengua nacional, culta, literaria, voluntariamente lejana de los mil dialectos locales, los únicos verdaderamente gratos y comprensibles para la masa popular» (p. 83). O código devén autoritario e con isto prodúcese a súa separación respecto da sociedade civil, xa que a creación é o momento máis relevante. A aplicación ou interpretación a penas achega nada e convértese nun simple mecanismo lóxico-formal de transposición de regras abstractas, lineais, simples. O dereito acaba desembocando nunha visión textual deste, tanto na súa esencia coma na súa interpretación.

Reaccións procedentes de Francia (Saleilles, Geny), trataron de mostra-la equivocación de moitos destes postulados, reivindicando o dereito vivo, non fosilizado, practicamente morto en que os códigos se converteron. Evidentemente, na actualidade, a vida dos códigos ten que lles facer fronte a unha serie de consideracións importantes que fan de todo punto obsoleto o modelo decimonónico: o rápido cambio social, comporta a inaplicabilidade dos arquetipos do século XIX, onde a sociedade evolucionaba dun modo máis calmado, pausado e lento, co que podía ser ordenado conforme a categorías non elásticas: hoxe en día, o ritmo frenético impide aprehender moitas veces a realidade ó mesmo tempo que se producen os seus cambios e o lexislador se comporta como un reparador no xurídico de algo que a sociedade xa consagrou ó seu arbitrio e á marxe daquel; a complexidade da civilización e a universalización desdebuxaron o panorama tipicamente estatal sobre o que erixía o código; e o papel das constitucións, na súa acepción contemporánea, contribuíron a desdebuxa-la noción de código ata obrigar a unha reformulación do seu valor, da súa función, dos seus límites e das súas aspiracións. A súa función, di Grossi, é a de ofrecer un amplo marco, un código que opere como formulador de principios: «Es evidente que el Estado no puede abdicar de la fijación de líneas fundamentales, pero es también claro que se impone una deslegalización, abandonando la desconfianza ilustrada ha-

cia la sociedad y desarrollando un auténtico pluralismo jurídico con los particulares como protagonistas activos de la organización jurídica así como lo son del cambio social. Sólo de esta manera se podrá colmar el foso entre cambio social y sistema de reglas jurídicas que hoy percibimos con amargura» (p. 92). O código xa non pode ser concibido ó modo francés revolucionario, napoleónico. É preciso certificar unha ruptura, unha discontinuidade tanto entre o século XIX e o Antigo Réxime, coma entre o século XIX e os tempos actuais. A función do código debe incardinarse dentro dos límites apuntados, debe operar como instrumento moderador e regulador do cambio, atendendo ó que a sociedade vai pedindo ou impondo segundo os casos. Débese volver, pois, ó engarce necesario entre sociedade e dereito, co fin de evita-lo illamento que se deu entre ámbalas dúas instancias. Soamente así o dereito terá sentido. A historia pode subministrar argumentos, modelos, experiencias. Acudamos, pois, a ela tanto para o bo coma para o malo.

Novamente, o mestre florentino deu mostras da súa madurez intelectual, da súa clarividencia, da súa profunda capacidade de análise que lle fai percibir, ó mesmo tempo, o bosque e cada unha das súas árbores, do seu estilo áxil e renovador, da súa visión claramente práctica dunha historia do dereito que debe saír dos seus cuarteis de inverno para mergullarse na sociedade actual, para responder a esta coas armas das que se dispón: o coñecemento histórico, que é coñecemento empírico, dun dereito que foi, que triunfou ou fracasou, pero que posúe uns testemuños que constitúen unha fonte de riqueza indiscutible para a organización do futuro. A historia do dereito é así explicativa, argumentativa, pero non como mera erudición, como coñecemento inútil, senón como coñecemento práctico e real, ó servizo da sociedade e ó servizo do dereito. A senda de Grossi, que non debe converterse en mito ou en dogma, é quizais un dos camiños máis atractivos polos que se debería conduci-la ciencia xurídica dos tempos vindeiros. Isto contribuirá, como sinalaba o autor no prefacio, p. 13, a eludi-las simplificacións e os mitos que constitúen unha hipoteca grave e pesada para a conciencia do xurista italiano, coa misión de pedir unha reflexión máis vixilante e estimulante sobre o cúmulo de nocións e principios basilares da civilización xurídica moderna asumidos como patrimonio supremo, inviolable e definitivo. Así o historiador do dereito debe recupera-la función de conciencia crítica da sociedade e do cultivador do dereito positivo: «Puede contribuir a que viva el presente en su historicidad, punto de una gran línea histórica que nace en el pasado, que no está destinada a terminar en el presente, que por el contrario se proyecta hacia el futuro. De tal manera, el historiador se convierte paradójicamente en garantía de futuro para un estudioso del derecho positivo constantemente sometido al riesgo de un antinatural inmovilismo» (pp. 37-38).

Faustino Martínez Martínez

*Departamento de historia do dereito e das institucións
Universidade Complutense*

Desarrollo sostenible y globalización

Demetrio Loperena Rota

Editorial Aranzadi, S.A., Navarra, 2003

L ogo dunha breve introducción, o autor trata o tema da globalización e pon de manifesto que dos tres piares nos que se asenta o desenvolvemento sostenible (desenvolvemento económico, desenvolvemento social e protección ambiental), o desenvolvemento económico é o que provocou que se comezara a falar de globalización con máis intensidade.

O talón de Aquiles da globalización é que non se está a favorecer-lo desenvolvemento social. Os datos sobre a fame, enfermidades, carencia de auga potable, infravivendas, etc. son a constatación deste fenómeno. Precisamente a obviedade do fenómeno do desequilibrio crecente orixinou os movementos antiglobalización. A globalización económica, tal e como se está practicando, é antagónica co desenvolvemento social, polo que necesita ser conducida cara ó desenvolvemento sostenible, que é a única forma en que a liberalización económica poderá ser aceptada pola meirande parte dos países.

Un dos retos da globalización é o de poñer en común coñecementos profesionais, mediante a capacitación ou formación de cadros completos nos países pobres. A través de Internet poden expandirse programas de formación de baixo custo que poden chegar a amplas capas das sociedades en desenvolvemento, e non a unha serie de elites minúsculas, como ocorría ata o de agora. Este é un fenómeno que facilita a comprensión de que componse unha única comunidade mundial e de que todos somos iguais, por canto acceder á información e amosar mundialmente que a nosa é unha extrema simplicidade resulta economicamente barato.

Os trazos físicos e biolóxicos do medio natural fan que non sexa susceptible de ser xestionado desde as caprichosas liñas que debuxan os estados que ocupan hoxe o Planeta. As cuestións culturais ou políticas semellan máis etéreas e nelas o fenómeno globalizador pode analizarse con distintas perspectivas igualmente lexítimas. Pero o quecemento global do Planeta ou a perda da biodiversidade son fenómenos intrinsecamente globais que só se poden abordar desde unha perspectiva mundial. Atopámonos cunha estrutura global planetaria manifestamente inoperante para conduci-los problemas ambientais.

Unha política ambiental baseada nunha visión global dos problemas é absolutamente necesaria para encara-lo reto do desenvolvemento sostible. É un erro, nembargantes, tratar con políticas uniformes a actuación local de protección ambiental. A uniformidade é coma unha enfermidade infantil do racionalismo que cre que as respostas ós mesmos problemas deben ser instrumentos ou técnicas iguais. Mesmas técnicas de política local, idénticos resultados. E iso é empírica e racionalmente incerto. Os elementos físicos poden ser semellantes, os biolóxicos probablemente pouco semellantes, pero o substrato cultural da comunidade humana na que se trata de practicar esa determinada política probablemente debe ser moi diferente. Temos que aceptar estas realidades de base se queremos obter algún éxito na loita contra o deterioro ambiental.

Logo de facer referencia nesta obra ós problemas pendentes aínda de resolución entre os que podemos citar: a débeda externa, o comercio internacional, o financiamento do desenvolvemento sostible, a enerxía, a biodiversidade, os océanos, a pobreza, etc, o autor fala dos tabús como son: as organizacións non gobernamentais, a través das cales se canaliza gran parte da axuda oficial ó desenvolvemento, a demografía, os fluxos migratorios, a economía de mercado, o dereito, a soberanía nacional, os ricos dos países pobres, as relixións, etc.

A globalización da economía está a crear un dereito mundial dos mercados e das mercancías gobernado pola Organización Mundial do Comercio. Nada lle teríamos que obxectar a esta realidade se non se esqueceran do ser humano. O desenvolvemento sostible, na medida en que se debe perseguir para tódolos cidadáns do Planeta, necesita uns parámetros xurídicos comúns compatibles coas especialidades das rexións, estados ou comunidades locais. Hai que poñer-lo ser humano no centro das relacións xurídicas globalizadas e, para iso, é imprescindible que se acepte o estatuto de cidadán do Planeta.

Isto significa que os dereitos e deberes fundamentais para o goce e conservación da Terra e para a satisfacción das necesidades básicas deben ser de carácter universal. En opinión do autor, non se necesitan máis declaracións nin máis tratados, abonda coas existentes para que calquera xurista poida inferir para cada caso cáles son os dereitos e os deberes de calquera cidadán do Planeta. O mantemento da nacionalidade como atributo da persoa, só do cal se poden derivar específicos dereitos e deberes, é un anacronismo que estamos en vías de superar. A dignidade da persoa non depende da súa nacionalidade e tampouco deben facelo os seus dereitos e deberes básicos. Existe, pois, un estatuto

de cidadán do Planeta inducible directamente dos tratados e declaracións relativas ós dereitos humanos, partindo da aprobada polas Nacións Unidas en 1948.

Para iso debemos recoñecer definitivamente como fontes deste dereito non só os tratados internacionais, senón tamén o dereito consuetudinario sobre o cal se consolidaron en moitos países, as declaracións, as opinións dos xuristas máis reputados e as sentencias dos tribunais nacionais ou internacionais. Todo este importante acervo xurídico debe ser considerado dereito vixente, aplicable e tutelable.

O proceso de achegamento entre as xurisdiccións nacionais de xeito que no seu día exista unha xurisprudencia universal sobre dereitos humanos e, en particular, sobre desenvolvemento sostible, estase a producir xa. Por unha banda, os congresos internacionais de xuíces e profesores sobre esta materia son cada vez máis frecuentes e facilítase a creación dun substrato de cultura xurídica común. Por outro lado, nos litixios a remisión á xurisprudencia estranxeira é cada vez máis abundante e mellor aceptada polos xuíces nacionais.

Segundo o autor, o compromiso universal polo desenvolvemento sostible apodera os cidadáns e as institucións que os representan como titulares dun dereito á satisfacción das necesidades básicas opoñible, tamén, fronte a organismos internacionais ou estranxeiros, que estean en posición de poder darlles unha resposta axeitada a esas necesidades insatisfeitas. Isto dá lugar a moitos problemas de orde práctica; pero non é adaptable nun mundo globalizado, comprometido co desenvolvemento sostible, que a satisfacción das necesidades básicas só se poida facer dentro dos muros que representan as fronteiras dun determinado país e, que as axudas que reciban sexan entendidas como doazóns a título gratuito ou sen causa, é dicir, non esixibles polo necesitado.

Isto ten que cambiar social e xuridicamente xa que a cooperación ó desenvolvemento sostible non se debe entender como esmola, senón coma o cumprimento dunha obriga plenamente esixible.

O autor engádelle a esta obra tres anexos: no primeiro deles inclúe a Declaración de Estocolmo de 1972; no segundo, a Declaración de Río de 1992; e no terceiro, a Declaración de Johannesburgo sobre desenvolvemento sostible, do 4 de setembro de 2002.

Para rematar xa esta recensión, só me resta felicita-lo autor pola súa brillante exposición e análise, e anima-los lectores «do Planeta» que de seguro atoparán nesta obra un interesante traballo sobre unha materia de tanta actualidade.

Isabel Castiñeiras Bouzas

Avogada



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificarlo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

Revista Galega de Administración Pública

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



XACOBEO 2004
Galicia

